

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6732 *Lei orgánica 3/2013, do 20 de xuño, de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

I

A promulgación da Lei orgánica 7/2006, do 21 de novembro, de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte, supuxo un fito fundamental na historia da loita contra a dopaxe no noso ordenamento xurídico. Esta norma contiña un completo sistema de disposicións que conceptuaban a dopaxe como unha lacra que afectaba diversos bens xurídicos dignos de protección como eran a saúde dos deportistas, o xogo limpo no deporte e a súa dimensión ética. Esta norma contiña tamén importantes disposicións relacionadas coa protección da saúde, que agora o lexislador entende que se deben reforzar, afondando na liña emprendida na anterior norma. A evolución das prácticas detectadas en materia de dopaxe fixo necesario introducir un conxunto de modificacións de índole legal que garantan os instrumentos necesarios para combater da maneira máis eficaz posible esta lacra que afecta o mundo do deporte.

A esta circunstancia súmase a dificultade encontrada á hora de poder aplicar algunhas das disposicións previstas na lei, polo que se considera imprescindible avanzar na liña fixada, de tal maneira que se poida dar unha resposta áxil ás novas circunstancias propias dun fenómeno, cambiante e singularmente grave, como o que regula esta norma.

Así mesmo, as sucesivas modificacións operadas neste ámbito no plano internacional, co que España veu asumindo un alto compromiso na loita contra a dopaxe e que se traduciu, entre outros aspectos, na ratificación, poucos meses despois da promulgación da lei, da Convención internacional contra a dopaxe no deporte da Unesco, facían ineludible abordar estas reformas. Así, este texto imponlles aos Estados que o ratificasen unha serie de obrigas en materia de loita contra a dopaxe; dentro destas obrigas non é a menos importante aquela que obriga os Estados membros a garantir a eficacia do Código Mundial Antidopaxe. Este texto é o resultado do labor da Axencia Mundial Antidopaxe, así como unha manifestación do compromiso dos signatarios da Convención por seren partícipes no proceso constante de harmonización e internacionalización da normativa de loita contra a dopaxe.

A última modificación do Código Mundial Antidopaxe tivo lugar en xaneiro de 2009 e, desde esa data, reveláranse certas incongruencias entre a normativa española e as novas disposicións do Código. En consecuencia, ademais de polas razóns antes expostas, a obrigada adaptación da normativa española ao Código Mundial Antidopaxe derivou na necesidade de adoptar medidas de carácter lexislativo que paliasen esta situación.

Destá maneira, o presente texto recolle unha nova regulación íntegra do marco xurídico aplicable á protección da saúde e á loita contra a dopaxe na actividade deportiva, facendo fincapé na importancia de establecer un acabado sistema de protección da

saúde que beneficie, desde todos os puntos de vista, os principais receptores da presente norma, que son as persoas que desenvolven calquera actividade deportiva.

Seguindo este argumento, esta lei excede con moito o que sería unha simple norma antidopaxe. Pola contra, a intención do lexislador é incluír un potente sistema de protección da saúde para aqueles que realicen calquera actividade deportiva, prestando especial atención ao grao de exigencia física e, por tanto, ao risco que derive da actividade deportiva en cuestión, así como aos supostos en que participen menores de idade.

Do mesmo modo, a nova lei trata de configurar a dopaxe desde unha perspectiva integral e como un elemento máis dentro do sistema de protección da saúde dos deportistas, e, asemade, como unha lacra que afecta a protección da saúde dos deportistas, o xogo limpo no deporte e a súa propia dimensión ética. Esta idea pódese considerar como un elemento esencial que inspira a nova regulación, na cal os aspectos relacionados coa loita contra a dopaxe son importantes, pero non máis que os que afectan a saúde dos deportistas, a prevención dos riscos que poida supor o desenvolvemento da actividade deportiva e o establecemento de medidas positivas de acción dos poderes públicos, que permitan conseguir que a práctica deportiva se realice en condicións idóneas.

II

A nova norma contén criterios claros para permitirilles aos responsables da loita contra a dopaxe dirixir os seus esforzos aos grupos deportivos de maior risco. Non se trata, por tanto, dunha cuestión simplemente cuantitativa senón cualitativa. Na loita contra a dopaxe os éxitos non xorden da realización dun elevado número de controis senón da súa correcta planificación e execución. Por esta razón, non é tan importante a amplitude da poboación potencialmente suxeita a controis como a correcta selección dos seus destinatarios.

Pola contra, as medidas de protección da saúde no deporte teñen unha vocación moito máis xeral. Sen dúbida, algunhas medidas deben dirixirse só cara aos grupos de maior risco, ben pola intensidade da actividade deportiva en cuestión, ben pola natureza dos deportistas que a practiquen, pero o certo é que a norma contén un bo número de medidas que se dirixen á poboación que practica calquera tipo de actividade deportiva, sexa competitiva ou por razóns de puro lecer ou saúde.

III

Dentro do articulado da lei, o título I, que é o que establece as disposicións xerais, divídese en dous capítulos, o primeiro dos cales fai referencia ao ámbito de aplicación da lei, e os seus dous aspectos máis innovadores son o novo modelo de protección da saúde e o ámbito de aplicación diferenciado das medidas específicas aplicables á saúde e á dopaxe. O primeiro capítulo iníciase coa previsión da actuación dos poderes públicos en materia de protección da saúde na práctica deportiva e contén as definicións relativas á protección da saúde no deporte, á dopaxe no deporte con licenza deportiva e á dopaxe na práctica deportiva xeral.

O capítulo II ocúpase da organización administrativa para a protección da saúde e a loita contra a dopaxe, e define as competencias estatais das comunidades autónomas e doutras entidades na protección da saúde dos deportistas en xeral e na dopaxe en particular, así como as competencias atribuídas á nova Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

Respecto da primeira das dúas cuestións, a lei insiste na necesidade de que o sistema se aplique a través da cooperación interadministrativa e coas entidades privadas que actúen como axentes da actividade deportiva. Igualmente, recoñécese e respéctase integramente o marco competencial propio das comunidades autónomas, especialmente no que se refire á loita contra a dopaxe no marco do deporte federado autonómico.

Respecto da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, a nova norma atribúelle o protagonismo máximo respecto dos suxeitos incluídos no seu ámbito de aplicación, non só no aspecto técnico, como ata o de agora, senón no que se refire á

planificación e á realización dos controis, a diferenza do sistema anterior. En consecuencia, a tramitación dos procedementos sancionadores pasa a ser asumida pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e fortalécese o réxime de independencia do organismo público, verdadeira garantía xurídica para os interesados respecto da actuación da Axencia nos procedementos sancionadores.

O novo sistema presenta unha característica de actuación administrativa única, residenciada nun só organismo público, a nova Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, que vai aglutinar todas as competencias que o sistema anterior repartía entre diferentes entidades, o que contribuirá a evitar posibles disfuncións e axudará ao establecemento dunha serie de criterios de interpretación da norma que sexan homoxéneos e constantes e que contribúan a fortalecer a seguridade xurídica na loita contra a dopaxe.

A Axencia vai pasar, deste modo, a asumir as competencias que o Consello Superior de Deportes viña exercendo en relación coa protección da saúde dos deportistas. Esta medida supón un notable fortalecemento da nova Axencia en todos os aspectos e debe convertela, unha vez que se produza a asunción das novas funcións coa entrada en vigor desta norma, no referente fundamental da protección da saúde na actividade deportiva.

Así mesmo, prevese que a Axencia poida asumir as competencias sancionadoras propias das comunidades autónomas nos casos en que estas o decidan, logo da conclusión do correspondente convenio de colaboración, e prevese que entre os órganos da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte figure un órgano de coordinación coas comunidades autónomas e que esa participación se estenda aos deportistas a través dun órgano específico na súa estrutura. Finalmente, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte segue a ser o órgano encargado da colaboración coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e co poder xudicial.

IV

O título II da lei é o máis extenso e estrutúrase en catro capítulos, o primeiro dos cales se dedica á dopaxe.

É importante destacar que unha das preocupacións esenciais do lexislador foi a de recoller os compromisos internacionais asumidos por España, así como satisfacer as lexítimas aspiracións dos deportistas, que teñen dereito a que se respecten os seus dereitos fundamentais e a súa dignidade. Por iso, o sistema contido na lei trata de adaptar a lexislación española ás peculiares fórmulas de represión da dopaxe que se conteñen no Código Mundial Antidopaxe, cuestión non sempre sinxela ao se tratar dunha norma internacional de corte anglosaxón e que parte de certos principios diferentes aos nosos, como é o caso do prazo de prescrición de oito anos e outros similares. E esta adaptación ten lugar con pleno respecto aos dereitos fundamentais dos implicados no sistema. Certo é que o establecemento dun sistema eficaz de prevención da dopaxe implica un notable sacrificio en certas ocasións, pero tamén o é que a gravidade do fenómeno combatido xustifica estes sacrificios, que en ningún caso supoñen a afectación constitucional dos dereitos dos suxeitos do deporte. Por todas estas razóns, o Código Mundial Antidopaxe débese configurar como un elemento central de interpretación das normas da lei que se ocupan desta cuestión, de maneira que as dúbidas que a súa aplicación poida presentar deberán resolverse á luz dos preceptos, comentarios e principios do Código.

En canto ao contido específico deste capítulo, o primeiro que destaca é o ámbito de aplicación, que abrangue os deportistas con licenza estatal ou autonómica homologada que participen en competicións oficiais de ámbito estatal, o que se denomina o ámbito do deportista e os deportistas estranxeiros que estean en España en determinados casos. Unha novidade interesante é a que inclúe os deportistas que estean en posesión da licenza e non o estivesen no momento de iniciarse o procedemento sancionador e aqueles que simulasen ter abandonado a práctica deportiva sen o facer en realidade.

Defínense os tipos de controis, en competición ou fóra dela e, dentro destes últimos, os controis por sorpresa ou con cita previa.

A lei tamén inclúe outras obrigas clásicas nesta materia, como as que se impoñen en materia de localización habitual dos deportistas e en materia de comunicación dos tratamentos médicos que estean seguindo no momento de someterse a un control de dopaxe. Ademais, establécese a posibilidade de lles realizar controis aos deportistas con licenza estranxeira que se encontren en España, prevé os controis que se realicen nas competicións internacionais que teñan lugar no noso país, así como os que poidan realizar as organizacións internacionais antidopaxe a deportistas con licenza española.

A sección 2.^a inclúe novidades significativas. En primeiro lugar, recollendo a experiencia acumulada nos últimos anos, adáptase a exigencia de que os controis de dopaxe sexan realizados baixo a responsabilidade dun médico, por este mesmo ou por outro tipo de persoal sanitario debidamente habilitado, para limitala aos casos en que a súa presenza se considere imprescindible pola existencia de determinados tipos de actos médicos, como serían os controis de dopaxe que consistan na extracción de sangue do deportista. Non quedarán suxeitos á mesma obriga, por tanto, os controis que consistan simplemente na toma de mostras de urina dos deportistas. A propia natureza do acto en cuestión non exige a presenza deste tipo de persoas e, por tanto, poderá ser realizada por persoal debidamente habilitado aínda que non teña a condición antes exposta. Non obstante, coa finalidade de que todo o persoal habilitado estea suxeito ao mesmo tipo de obrigas profesionais, no que se refire ao deber de gardar sxiilo de calquera información ou dato que poidan coñecer no exercicio das súas funcións, establécese unha obriga específica de gardar o segredo desas informacións e un réxime sancionador para os casos de infracción desta obriga.

En segundo lugar, a lei determina que a franxa horaria en que non se poderán realizar controis quedará comprendida entre as once da noite e as seis da mañá. Esta medida contribúe a reforzar a seguridade xurídica e a garantir o debido descanso nocturno e a intimidade dos deportistas. Agora ben, en liña co que dispón o Código Mundial Antidopaxe, a norma non pode ser tan rixida que non permita alterar este réxime en casos excepcionais. Por esta razón, de acordo co Código e coas debidas garantías, será posible a realización de controis fóra deste horario en casos debidamente xustificados, de tal modo que esta xustificación, xunto co principio de proporcionalidade desta medida, suporá unha adecuada coordinación entre a protección dos dereitos lexítimos dos deportistas e a necesaria eficacia das normas xurídicas de loita contra a dopaxe.

Finalmente, dentro das obrigas principais que afectan os deportistas inclúese, de maneira taxativa, a obriga de someterse aos controis. Esta obriga, con todo, non está exenta de dereitos, pois os deportistas terán dereito a recibir a notificación do control, a ser informados dos dereitos e obrigas que lles correspondan, dos trámites esenciais do procedemento e do seu dereito á protección de datos. Estes dereitos son un elemento fundamental do sistema establecido na lei e a propia Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte debe velar por que en todo caso sexan debidamente atendidos.

Polo que se refire ás obrigas accesorias, a máis importante é a relativa ao libro de rexistro de tratamentos médicos, que se mantén como unha garantía para o deportista e para os profesionais sanitarios que o asisten habitualmente.

Esta sección finaliza coa regulación das autorizacións de uso terapéutico, respecto das cales se mantén un sistema que permitirá ao deportista que teña unha autorización desta natureza quedar exento da responsabilidade disciplinaria relativa á utilización dos produtos dopantes para os cales estea debidamente autorizado. A lei, igualmente, establece un sistema de comunicación para asegurar a debida coordinación das distintas organizacións antidopaxe competentes para as outorgar.

A sección 3.^a regula tres cuestións esenciais. A primeira é a que se refire á definición dos controis de saúde e aos controis de dopaxe e trata de diferenciar nitidamente ambas as figuras co fin de evitar a confusión que algunhas normas xeraran.

En segundo lugar, esta sección contén tanto a planificación dos controis como a definición das competencias para a súa realización. De maneira congruente coa atribución da competencia sancionadora, con carácter xeral, á Axencia Española de Protección da

Saúde no Deporte, establécese que será a este organismo público ao cal corresponda a realización da planificación e a execución dos controis.

A norma contén elementos que permitirán á Axencia adaptar a planificación ás circunstancias concorrentes en cada unha das modalidades deportivas e tendo en conta o tipo de competicións para as cales se preparen os deportistas que as practiquen. Prevese a colaboración das federacións deportivas na elaboración da planificación, pero non na súa definición e coñecemento posterior, e establécese un mecanismo de cooperación co Consello Superior de Deportes para lograr a máxima eficacia neste labor.

Outra novidade que contén a lei neste punto é a posibilidade de que o director da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poida ordenar controis específicos, fóra da planificación, a deportistas que teñan licenza estatal. A planificación será secreta e non poderá ser publicada nin divulgada. A vulneración desta obriga constitúe unha infracción sancionable conforme a lei.

V

O capítulo II deste título II é o máis extenso da lei e o que se refire ao réxime sancionador en materia de dopaxe. Consta de tres seccións, a primeira, que se refire á responsabilidade do deportista, aos tipos infractores, ás sancións e ao réxime de determinación da responsabilidade, constitúe o verdadeiro núcleo sancionador da lei. De entre as novidades máis importantes cabe destacar, en primeiro lugar, a corrección do réxime de suxeición ás responsabilidades descritas na lei, tanto do deportista coma do seu ámbito.

En segundo lugar, establécese a tipificación das infraccións en materia de dopaxe, de maneira que sexan axustadas ao establecido no Código Mundial Antidopaxe. Neste punto específico procedía, en liña coa posición do Consello de Estado, mellorar a redacción dos tipos infractores especialmente no que se refire a dúas materias, as tentativas, que agora se describen de maneira sistemática, e a presenza de criterios de valoración da proba dentro da definición dos tipos infractores. Neste aspecto, fíxose un esforzo para que esta circunstancia non se produza respecto das infraccións moi graves, aínda que respecto da infracción correspondente á presenza de substancias específicas, á utilización, uso ou consumo delas, ou á súa posesión, a demostración de determinados aspectos por parte do deportista configúrase, de conformidade co disposto no Código Mundial Antidopaxe, como un elemento diferenciador coas infraccións moi graves. Ademais, como novidade engadida, inclúese un novo tipo infractor, por incumprir as obrigas relacionadas coa confidencialidade da planificación.

En canto ao réxime de sancións, cabe diferenciar as que se van impor aos deportistas e as que se imporán ao ámbito do deportista. Respecto das primeiras suavízase lixeiramente o réxime correspondente á primeira infracción, mentres que se endurece respecto da segunda e posteriores infraccións. Un dos problemas que presentaba a adecuación do réxime sancionador contido no Código Mundial Antidopaxe era, precisamente, a complexidade do precepto que debía regular o réxime sancionador, en caso de segunda infracción ou posteriores. Esta complexidade, destacada polo Consello de Estado, fixo que se opte por remitir a cuestión aos criterios contidos no Código Mundial Antidopaxe, coa finalidade de non facer o texto da lei máis difícil de entender. Esta remisión vén completada pola presenza dun cadro ilustrativo que se contén no anexo II da lei e que permitirá aos órganos sancionadores aplicar adecuadamente este complexo sistema.

En canto ás sancións impostas ao ámbito do deportista, ben sexa aos clubs e equipos deportivos, ben aos técnicos, xuíces, árbitros, directivos ou resto do persoal das entidades deportivas, ben sexa aos médicos e persoal sanitario das entidades deportivas, prodúcese un endurecemento das sancións pecuniarias e unha adaptación en canto á suspensión da licenza ao que establece a normativa internacional. Engádese unha disposición específica para aquelas persoas que cometan as infraccións tipificadas na lei sen dispor de licenza federativa ou habilitación equivalente e establécense medidas engadidas ás

habituais, considerando que quen estando neste caso cometa infraccións moi graves incorrerá nun suposto de transgresión da boa fe contractual e que, nestes casos, será posible dar traslado aos colexios profesionais correspondentes, para os efectos oportunos.

O artigo 27 contén unha nova redacción dos criterios para a imposición das sancións en materia de dopaxe. Sistematizando os preceptos do Código Mundial Antidopaxe, establécese unha serie de criterios xerais clásicos no dereito administrativo sancionador, criterios que se verán complementados pola existencia de circunstancias eximentes, de circunstancias atenuantes e de circunstancias agravantes da responsabilidade disciplinaria; a norma establece as consecuencias sancionadoras da aplicación de cada unha delas. Ademais, a lei diferencia dous conceptos, respecto dos cales se xerara certa confusión e así, considera circunstancia agravante a reiteración das condutas que impliquen a infracción das normas antidopaxe, mentres que considera reincidencia a comisión dunha segunda ou ulterior infracción no prazo de oito anos, prevendo consecuencias sancionadoras diferentes para cada un dos casos.

Por outro lado, tendo en conta as exixencias derivadas da eficacia da loita contra a dopaxe, a lei contén tamén disposicións relativas á imposición de sancións pecuniarias e á anulación de resultados. Neste último punto inclúese a posibilidade de anular os resultados das competicións, mesmo nos supostos en que a conduta descrita no tipo infractor non vaia levar consigo a correspondente sanción, pois considérase que a realización da conduta puido influír no resultado das competicións. Trátase dunha medida de xustiza, allea a calquera tipo de sanción e que trata de velar pola pureza do resultado das competicións deportivas.

Como consecuencia propia das sancións, establécese unha regra específica para lembrar que a imposición de calquera sanción das previstas nesta lei constitúe un suposto de imposibilidade para obter ou exercer os dereitos derivados da licenza deportiva.

A lei aplica o sistema de recoñecemento mutuo de resolucións que establece o Código Mundial Antidopaxe, coa novidade, neste punto, da posibilidade de que a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poida non recoñecer esas resolucións cando sexan contrarias aos principios do Código Mundial Antidopaxe ou cando as ditase un órgano incompetente. Do mesmo modo, prodúcese unha remisión ao artigo 955 da Lei de axuízamento civil no que se refire ao recoñecemento e execución de sentenzas e laudos arbitrais estranxeiros. Finalmente, establécese unha regra longamente solicitada ao lexislador como é a posibilidade de privación do apoio financeiro ou das axudas públicas relacionadas coa actividade deportiva dos infractores.

Dentro desta sección atópase outra das novidades relevantes da presente norma, no artigo 33 que, baixo a rúbrica de colaboración coas autoridades xudiciais, deseña un sistema de colaboración entre as autoridades xudiciais, competentes para instruír os procedementos penais derivados da posible comisión do delito establecido no artigo 361 bis do Código penal e as autoridades administrativas encargadas da tramitación dos procedementos sancionadores en materia de dopaxe.

Aínda que os supostos en que pode existir identidade de fundamento entre o tipo penal e o tipo sancionador administrativo se limitan aos casos de administración ou tráfico de substancias ou métodos prohibidos, era necesario establecer un sistema que conseguise dous efectos fundamentais: o adecuado respecto do principio *ne bis in idem* e a preferencia da xurisdición penal por un lado, e a consecución do efecto exixido polo Código Mundial Antidopaxe para que, calquera que sexa a autoridade que sancione a comisión dunha infracción en materia de dopaxe das descritas no Código, se produzan as consecuencias que este establece. Para conseguir os dous obxectivos, a lei deseña un sistema en que, con pleno respecto á independencia xudicial, se lle concede ao xuíz de instrución a posibilidade de solicitar da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a emisión dun ditame en que informe acerca da posible existencia de perigo para a vida ou a saúde dos deportistas aos cales se lles administrasen ou proporcionasen as substancias ou os métodos prohibidos. Este é, precisamente, o elemento diferencial entre o tipo penal e o tipo infractor nestes casos. Unha vez emitido o informe, o xuíz de

instrución poderá decidir se procede continuar ou non coa instrución do procedemento penal. Se decide que non procede continuar, a Administración quedará vinculada polos feitos declarados probados no auto de sobresemento libre, para os efectos de continuar cos seus procedementos sancionadores.

Ademais, en calquera momento poderá solicitar do xuíz de instrución que lle proporcione os elementos de proba existentes en autos que poidan ser necesarios para a tramitación dos procedementos sancionadores. Non obstante, o outorgamento destas probas por parte da autoridade xudicial deberase facer de maneira motivada e logo de ponderación do principio de proporcionalidade, para respectar adecuadamente os pronunciamentos do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo neste punto.

No caso de que o xuíz considere que debe continuar coa tramitación do proceso penal, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte estará obrigada a suspender a tramitación dos seus procedementos sancionadores nos cales aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento. Porén, antes de adoptar a suspensión destes procedementos, a Axencia poderá proceder a acordar a suspensión da licenza federativa das persoas contra as cales se dirixa o procedemento penal, logo de audiencia do interesado e, se procede, de conformidade coas normas internacionais e da propia lei que regulan a materia. Esta medida está xustificada polo feito de que o propio xuíz instructor considere que debe continuar coa tramitación do proceso penal por existiren indicios da existencia do delito.

Finalmente, establécese a posibilidade de que a autoridade xudicial poida acordar, de oficio ou por instancia da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, a dedución do tanto de culpa correspondente, se aprecia a posible existencia de infraccións administrativas en materia de dopaxe.

Por outro lado, para conseguir o efecto exixido polo Código Mundial Antidopaxe, establécese que a condena pola comisión do delito establecido no artigo 361 bis do Código penal suporá de forma automática, como consecuencia asociada ao delito, a imposibilidade de exercer os dereitos derivados da licenza federativa por un período equivalente ao que resultaría se o que se cometese fose unha simple infracción administrativa.

Polo que se refire ao procedemento para a imposición de sancións en materia de dopaxe, prevese unha nova definición da competencia para tramitar os procedementos disciplinarios. Para permitir unha adecuada coordinación coas normas internacionais propias das organizacións deportivas de ámbito internacional, establécese unha clara distinción entre os deportistas suxeitos ao ámbito de aplicación desta lei e os deportistas oficialmente cualificados polas federacións ou organizacións internacionais como deportistas de nivel internacional. Respecto destes últimos, a Axencia non ten competencias sancionadoras, pois esta corresponderá ben ás federacións internacionais, ben ás federacións españolas, en caso de que a Axencia non celebre o correspondente convenio coas primeiras.

Este sistema, similar ao de países como Gran Bretaña, determinarase conforme o que establezan as federacións internacionais e está establecido co fin de non impor regras de competencia ás federacións internacionais e de permitir que sexan estas as que, en definitiva, establezan o seu propio sistema. Ademais, neste último caso, a normativa aplicable será a propia das federacións internacionais correspondentes, normalmente o Código Mundial Antidopaxe.

En canto ao procedemento propiamente dito, ademais das medidas provisionais a que se refire o artigo 38, establécese un procedemento específico en que se producen varias novidades. A primeira destas novidades ten que ver coa mellora do sistema de iniciación dos procedementos sancionadores. A ela hai que engadir elementos tales como unha nova configuración do sistema de proba, máis adaptada ao ordenamento xurídico español, unha adecuada cualificación da responsabilidade disciplinaria, que se debe afastar dos pronunciamentos doutrinarios que tratan de considerala como unha responsabilidade obxectiva, e o establecemento de certas presuncións, establecidas no

Código Mundial Antidopaxe, que teñen por finalidade garantir a eficacia do sistema de loita contra a dopaxe.

En canto á sección 3.^a, contéñense nela as regras relacionadas co recurso administrativo especial en materia de dopaxe no deporte. Trátase dun recurso de alzada impropio que se tramitará ante o novo Tribunal Administrativo do Deporte. As novidades máis significativas respecto do recurso refírense á maior precisión no que atinxe ás resolucións recorribles e ao cumprimento das exixencias que, en relación coa lexitimación para recorrer, establece a propia norma da Axencia Mundial Antidopaxe.

VI

O capítulo III do título II refírese ao sistema de protección da saúde e, entre outros aspectos, articula un marco de colaboración coas comunidades autónomas para facilitar unha aplicación práctica eficaz do modelo de protección da saúde dos deportistas.

Constitúen elementos fundamentais do novo modelo de protección da saúde no deporte medidas como o establecemento dun sistema de recoñecementos médicos, máis intenso canto máis exixente sexa a actividade física que se pretenda realizar; a obriga de que os establecementos relacionados coa práctica deportiva máis exixente dispoñan de medios de loita contra as enfermidades cardiorrespiratorias agudas; o establecemento dun sistema de tarxeta de saúde dos deportistas de alto nivel ou de carácter profesional; ou as novas medidas de protección da saúde cando se finaliza a actividade deportiva.

Todas estas medidas específicas se complementan co establecemento dun plan de apoio á saúde no ámbito da actividade deportiva que determine os riscos comúns e específicos, así como as medidas de prevención, conservación e recuperación que poidan resultar necesarias en función dos riscos detectados nos deportistas.

Finalmente, a lei establece un sistema reforzado de investigación especializada en materia de protección da saúde, tanto nos aspectos médicos puramente preventivos como no que se refire á necesidade de contar con medios adecuados de prevención e detección da dopaxe.

Todas estas novas iniciativas son atribuídas á nova Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

O capítulo IV recolle medidas específicas de protección dos datos sensibles que poidan quedar afectados polas actuacións en materia de protección da saúde e de dopaxe. Non se conteñen excesivas novidades con respecto ao establecido nas normas anteriores, aínda que si ten lugar unha mellora técnica na redacción.

VII

O título III ocúpase das políticas públicas de control e supervisión dos produtos susceptibles de producir dopaxe. Diferencia dous capítulos, o primeiro deles rubricado Medidas de control e supervisión de produtos, medicamentos e complementos nutricionais, en que se establecen medidas específicas que teñen por finalidade garantir o adecuado control por parte das autoridades públicas dos produtos susceptibles de produciren dopaxe no deporte. Estas medidas contribúen a coñecer os produtos dopantes de que dispoñen as entidades deportivas, así como o ciclo produtivo e de distribución deste tipo de produtos fabricados en España. Estas medidas complementáanse coa potestade que se atribúe a certas entidades de inspeccionar as caixas de urxencias ou demais lugares onde se poidan encontrar as substancias prohibidas incluíndo, finalmente, a posibilidade de comisar os produtos, substancias e instrumentos empregados ou que se poidan empregar coa finalidade de causar dopaxe.

O capítulo II refírese ás condicións de utilización deste tipo de produtos no que se refire á comercialización e utilización de produtos nutricionais, establecendo mecanismos de información e declaración de tales produtos, reproducindo a prohibición específica de comercialización destes produtos en establecementos dedicados a actividades deportivas, regulando a venda a través de sistemas electrónicos e establecendo, finalmente, as

sancións aos profesionais sanitarios, ou doutra índole, en actividades de dopaxe no deporte, respecto de persoas que non teñan licenza deportiva.

VIII

A lei complétase con catro disposicións adicionais que cualifican a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte como organización nacional antidopaxe, prevén a adaptación de estatutos e regulamentos federativos, establecen o cambio de denominación da Axencia e suprimen e axustan as referencias normativas do Comité Español de Disciplina Deportiva e a Xunta de Garantías Electorais, tras a creación do Tribunal Administrativo do Deporte; tres disposicións transitorias, relativas aos procedementos disciplinarios en curso e ás habilitacións para os controis de dopaxe; unha disposición derogatoria; e seis disposicións derradeiras que se refiren á habilitación competencial, á descrición dos preceptos orgánicos da lei, ao desenvolvemento regulamentario da norma, á posibilidade de modificar os anexos por orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, á creación do Tribunal Administrativo do Deporte, con modificación do artigo 84 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, á modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, á derogación de determinados preceptos da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá, e á entrada en vigor da lei.

Finalmente, engádese un anexo de definicións, que é obrigatorio, segundo establece o Código Mundial Antidopaxe, en que as definicións se adaptaron á nosa normativa xurídica, así como o cadro ilustrativo a que se refire o artigo 28 da lei, en que se detallan as sancións que se deben impor como consecuencia da comisión dunha segunda infracción en materia de dopaxe.

IX

En definitiva, esta nova lei constitúe un intento de modernizar a regulación anterior, co fin de permitir que o noso ordenamento xurídico se adapte integramente ás normas internacionais de loita contra a dopaxe, e representa un avance notable na concepción da protección da saúde dos deportistas, elemento fundamental polo cal están obrigados a velar todos os poderes públicos.

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación da lei

Artigo 1. *Ámbito de aplicación e obxecto da presente lei.*

1. O obxecto da presente lei é establecer un marco xeral de prevención da saúde e de loita contra a dopaxe no ámbito da práctica deportiva, en particular no ámbito do deporte organizado ou con licenza deportiva, en consonancia cos compromisos internacionais asumidos por España, co propósito de establecer un ámbito en que predominen o xogo limpo, a superación persoal e a realización saudable do deporte.

2. A presente lei será de aplicación á práctica deportiva xeral. Porén, o disposto nos capítulos I e II do título II será de aplicación unicamente a aqueles deportistas que se definen no artigo 10.1 da presente lei.

3. Os deportistas cualificados oficialmente como de nivel internacional ou que participen en competicións internacionais están sometidos ás normas e aos procedementos da federación internacional correspondente e da Axencia Mundial Antidopaxe, incluíndo os referentes ao pasaporte biolóxico, de existiren. Isto entenderase

sen prexuízo da posibilidade de sometelos a controis, de conformidade co disposto no capítulo I do título II desta lei. A definición de deportista de nivel internacional contense no anexo I desta lei.

Artigo 2. Actuación dos poderes públicos en materia de protección da saúde na práctica deportiva xeral.

Os poderes públicos establecerán, no ámbito das súas respectivas competencias e tendo en conta o tipo de práctica deportiva de que se trate e das persoas que participen nela, medidas sanitarias tendentes a prever a deterioración da saúde con ocasión da práctica deportiva, a prevención de lesións e as consecuencias prexudiciais para a saúde que deriven dunha práctica deportiva realizada en condicións non idóneas.

Artigo 3. Protección da saúde no deporte.

Considérase como protección da saúde no ámbito do deporte o conxunto de accións que os poderes públicos exixen, impulsan ou realizan, segundo o seu respectivo ámbito de competencias, para conseguir que a práctica deportiva se realice nas mellores condicións para a saúde dos deportistas, así como para que se preveñan as consecuencias prexudiciais que poidan provir da actividade deportiva, especialmente no deporte de alta competición.

Artigo 4. Definición da dopaxe no deporte con licenza deportiva. A lista de substancias e métodos prohibidos.

1. Considérase dopaxe no ámbito do deporte organizado ou con licenza deportiva a realización por algunha das persoas incluídas no ámbito de aplicación desta lei dalgunha das condutas establecidas no artigo 22, interpretadas co alcance que se establece no anexo de definicións desta lei.

2. No marco dos compromisos e obrigas internacionais asumidos por España e, en particular, da Convención Antidopaxe de Unesco, o Consello Superior de Deportes publicará no «Boletín Oficial del Estado», mediante resolución da súa presidencia, a lista de substancias e métodos prohibidos no deporte. Esta publicación terá carácter periódico e producirase, en todo caso, cando se introduzan cambios nela.

O Consello Superior de Deportes establecerá formas adicionais de información e de consulta da lista de substancias e métodos prohibidos mediante a súa inserción en páxinas dixitais de institucións e de entidades relacionadas co deporte, así como por calquera outro medio ou soporte que facilite o seu coñecemento e a súa difusión e accesibilidade.

O Consello Superior de Deportes velará especificamente pola uniformidade en España das listas procedentes das distintas instancias internacionais e pola seguridade xurídica no establecemento para un mesmo período dunha lista única.

Artigo 5. Dopaxe na práctica deportiva xeral.

A actuación dos poderes públicos en materia de loita contra a dopaxe na práctica deportiva xeral está conformada por un conxunto de accións tendentes a concienciar a quen practica a actividade deportiva dos perigos para a saúde da utilización de substancias e métodos prohibidos, da necesidade de axustar a práctica deportiva ás propias capacidades e do compromiso ético na práctica deportiva.

CAPÍTULO II

Da organización administrativa para a protección da saúde e a loita contra a dopaxe

Artigo 6. Competencias estatais.

1. Corresponde ao Goberno a formulación, o impulso e a dirección dunha política eficaz contra a dopaxe naqueles deportistas que contan con licenza estatal en vigor ou que, por tela anteriormente ou ter expectativas de tela, se definen no artigo 10.1.

2. Corresponde ao Goberno o establecemento de medidas de coordinación e cooperación co resto de poderes públicos para a consecución dunha política eficaz de protección da saúde no deporte, de prevención das lesións asociadas á práctica deportiva e para a minoración das consecuencias prexudiciais para a saúde derivadas da práctica deportiva realizada en condicións non idóneas.

3. Tamén corresponde ao Goberno o establecemento dun marco xeral de colaboración coas entidades deportivas, para facilitar a execución das políticas públicas na materia e coadxuvar no compromiso común de conseguir un deporte máis saudable e con maiores compromisos éticos.

Artigo 7. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte é unha axencia estatal das previstas na Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora de servizos públicos, e configúrase como o organismo público a través do cal se realizan as políticas estatais de protección da saúde no deporte e, entre elas e de modo especial, de loita contra a dopaxe e de investigación en ciencias do deporte.

2. Actúa con plena independencia funcional cando establece e executa medidas de control da dopaxe sobre os deportistas mencionados no artigo 10.1, e non pode recibir ordes ou instrucións de ningún órgano ou autoridade nos procesos de control da dopaxe e, especialmente, na instrución e resolución dos procedementos sancionadores cuxa competencia lle estea atribuída. Neste ámbito corresponde á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte establecer a planificación, realizar os controis e, de ser o caso, tramitar e resolver os expedientes que deriven das actuacións realizadas.

3. As funcións, organización e procedementos de actuación da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte determinaranse nos seus estatutos, de conformidade co previsto na Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

No seu órgano colexiado de dirección participarán, en todo caso, os axentes do deporte e, dentro deles, especificamente, as federacións deportivas.

A estrutura da Axencia contará cun órgano de participación dos representantes dos deportistas.

4. En todo caso, contará cun órgano de participación, coordinación e seguimento en que estarán representados os órganos e organismos competentes en materia de deporte e saúde das comunidades autónomas.

5. No suposto de que existan organismos encargados da loita contra a dopaxe no ámbito das comunidades autónomas, constituirase no seo da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte un órgano de participación delas para a información, debate e cooperación respecto das políticas públicas do Estado en materia de dopaxe.

6. Para a realización das funcións que lle atribúa o seu estatuto, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá formalizar convenios ou concertos con calquera entidade pública ou privada, de conformidade co establecido na lexislación de contratos do sector público.

7. Na súa condición de organismo especializado na investigación, control e realización da política de dopaxe, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte configúrase como o organismo público estatal de asesoramento e colaboración coas

Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, coa policía xudicial e cos demais poderes públicos con competencias relacionadas co seu ámbito de actuación e, por requirimento destes, cos xuíces e tribunais.

8. Os membros dos órganos mencionados no presente artigo e de todos os demais que poidan existir no seo da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte designaranse conforme criterios de profesionalidade e amplo recoñecemento no mundo do deporte e da loita contra a dopaxe, así como de acordo co principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns obxectivamente fundadas, debidamente motivadas.

Artigo 8. *Comunidades autónomas.*

1. Corresponde ás comunidades autónomas, de conformidade coas súas respectivas leis, o desenvolvemento das súas propias políticas en materia de control de dopaxe e de protección da saúde dos deportistas con licenza deportiva de ámbito autonómico ou en competicións de competencia autonómica.

En todo caso, a formulación destas políticas débese realizar no marco dos compromisos internacionais asumidos por España e nos tratados e convenios que sexan de aplicación en España.

No caso de competicións deportivas oficiais de ámbito estatal ou de competicións deportivas internacionais organizadas por organismo olímpico ou paralímpico ou polas federacións deportivas internacionais, as administracións autonómicas poderán realizar materialmente controis de dopaxe logo de solicitude, instrumentada mediante convenio suscrito con anterioridade á dita solicitude, á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ou ás organizacións ou federacións internacionais responsables.

As administracións autonómicas unicamente poderán realizar controis fóra de competición a deportistas con licenza estatal, con licenza autonómica distinta á da comunidade autónoma que exerce o control ou con licenza internacional logo de solicitude, instrumentada mediante convenio suscrito con anterioridade á dita solicitude, á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ou ás organizacións ou federacións autonómicas ou internacionais responsables.

2. Así mesmo, as comunidades autónomas poderán formular e executar políticas de protección da saúde dos deportistas no marco das medidas de cooperación e colaboración acordadas coa Administración xeral do Estado nos termos que sinalan os artigos precedentes.

Artigo 9. *Competencias do resto de poderes públicos e entidades deportivas.*

Con independencia do establecido nos artigos anteriores, o resto de administracións públicas competentes e as entidades deportivas de toda orde poderán establecer medidas de protección da saúde, de loita contra as lesións deportivas e de reparación ou recuperación das súas consecuencias.

TÍTULO II

Da saúde e da dopaxe dos deportistas con licenza deportiva

CAPÍTULO I

A dopaxe no ámbito do deporte con licenza deportiva

Artigo 10. *Ámbito de aplicación.*

1. O ámbito subxectivo de aplicación deste capítulo e do capítulo II do presente título esténdese a deportistas que se encontren en posesión, o estivesen con carácter previo, ou solicitasen a licenza federativa estatal ou autonómica homologada, no ámbito obxectivo establecido no número seguinte. Tamén se estenderá ás persoas e entidades

mencionadas nos artigos 24, 25 e 26 desta lei así como aos deportistas estranxeiros que, ao abeiro do disposto na presente lei, poden ser sometidos a controis fóra de competición.

No caso dos deportistas que estivesen en posesión de licenza federativa e non o estean no momento de se iniciar o expediente sancionador conforme as disposicións desta lei, aplicaráselles esta para os efectos, de ser o caso, de establecer a inhabilitación para conseguir aquela.

Esta aplicación estará condicionada polo réxime de prescrición das infraccións e sancións previsto nesta lei.

2. O ámbito obxectivo de aplicación desta lei, para os efectos da dopaxe no ámbito do deporte con licenza federativa estatal ou autonómica homologada, está determinado polas competicións deportivas oficiais de ámbito estatal que organicen entidades deportivas no marco da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

Sección 1.^a Obrigas

Artigo 11. Obriga de someterse a controis de dopaxe e de realización doutras actividades materiais para contribuir ao control de dopaxe.

1. Todos os deportistas incluídos no presente título terán obriga de someterse, en competición e fóra de competición, aos controis que determine a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ou, cando corresponda, as federacións deportivas españolas.

Os controis fóra de competición pódense realizar por sorpresa ou logo de citación. No primeiro suposto, a obriga a que se refire este artigo alcanza ao sometemento a estes mesmos e, no segundo, á obriga de comparecer e ao sometemento a eles.

O alcance e a forma de realización de ambas as modalidades de control determinarase regulamentariamente, procurando unha adecuada conciliación dos dereitos fundamentais dos deportistas e das necesidades materiais da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, particularmente no que se refire á realización de controis fóra de competición.

A realización de controis logo de citación afectará especialmente os deportistas que formen parte dos grupos de seguimento a que se refire o anexo I desta lei.

2. A obriga de someterse aos controis abrangue, igualmente, os deportistas que fosen suspendidos na súa licenza deportiva por incorreren nunha infracción de dopaxe, mentres se encontren cumprindo a sanción e, en todo caso, con carácter previo á rehabilitación da licenza deportiva.

De conformidade co disposto no artigo 10.1 da presente lei, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá estender esta obriga, mediante resolución motivada, a aqueles deportistas respecto dos que, tendo licenza nun exercicio e non téndoa renovado no prazo establecido, exista presunción razoable de que non abandonaron a práctica deportiva e poden estar tratando de eludir a realización de controis de dopaxe fóra de competición ata a súa renovación.

3. Para a realización e a maior eficacia posible dos controis a que se refire o número primeiro, os deportistas, os seus adestradores federativos ou persoais, os equipos e clubs e os directivos deberán facilitar, nos termos que regulamentariamente se establezan, os datos que permitan a localización habitual dos deportistas, de forma que se poidan realizar materialmente os controis de dopaxe.

A norma regulamentaria poderá concretar esta obriga en función das características da práctica deportiva e, de ser o caso, da inclusión dos deportistas nos plans individuais de control de ámbito estatal ou internacional.

A información sobre localización habitual dos deportistas custodiarase nun ficheiro na Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, que poderá ceder os datos daqueles deportistas incluídos nos plans de seguimento das federacións internacionais á Axencia Mundial Antidopaxe para a realización das súas funcións, logo de xustificación de tal inclusión.

A cesión unicamente poderá realizarse para a planificación, coordinación ou realización de controis, e deberá ser destruída cando xa non sexa útil para os ditos fins e, en todo caso, nos termos que se prevén no capítulo IV deste título.

No suposto de que un deportista sexa incluído nun grupo de seguimento polas federacións Internacionais ou pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, as declaracións feitas e incluídas na base de datos da Axencia Mundial Antidopaxe consideraranse como declaracións suficientes para os efectos do cumprimento das obrigas de localización previstas nesta lei cando a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poida ter acceso a tales datos.

4. Os deportistas, os seus adestradores, médicos e demais persoal sanitario, así como os directivos de clubs e organizacións deportivas e restantes persoas do ámbito do deportista indicarán, no momento en que aqueles pasen os controis de dopaxe, os tratamentos médicos a que estean sometidos, os seus responsables e o alcance do tratamento, salvo que os deportistas neguen expresamente a autorización para tal indicación.

5. Poderán ser sometidos a control en competición e fóra de competición os deportistas con licenza non española que participen en competicións estatais ou internacionais que se celebren en España, ou que se encontren en territorio español. A tramitación dos expedientes disciplinarios que poidan derivar deles realizarase na forma que estableza a correspondente normativa internacional. Así mesmo, tamén poderán ser sometidos a controis fóra de competición cando se encontren adestrando en España, por instancia da federación ou organismo internacional competente.

En calquera caso, os resultados dos controis de dopaxe efectuados serán trasladados á federación deportiva internacional correspondente e á Axencia Mundial Antidopaxe.

6. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá establecer, en función da respectiva modalidade deportiva e do nivel deportivo dos deportistas, un grupo de seguimento, cuxas obrigas adicionais son as que se prevén nesta lei.

7. Os deportistas suxeitos á presente lei que se encontren no estranxeiro poderán ser sometidos a controis de dopaxe por axentes habilitados pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, logo de autorización das autoridades nacionais antidopaxe do país en que se encontren.

Artigo 12. Controis de dopaxe que se realizarán en competicións internacionais que se celebren en España.

1. A responsabilidade da ordenación e realización de controis de dopaxe nas competicións internacionais celebradas en España corresponde ao Comité Olímpico Internacional, ás federacións deportivas ou institucións internacionais que as organicen ou a aquelas federacións en que estas deleguen a citada organización.

2. Así mesmo, correspóndelles o exercicio da potestade disciplinaria, sen prexuízo do previsto no artigo 31, en relación coa eficacia das sancións que poidan impor.

3. A realización efectiva de controis de dopaxe nestas competicións internacionais celebradas en España estará condicionada a que a competición conte coa preceptiva autorización do Consello Superior de Deportes, conforme o disposto na Lei 10/1990, do deporte.

4. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá realizar controis de dopaxe nas competicións internacionais celebradas en España nas cales a federación internacional non ordenase a realización de controis.

5. As federacións ou institucións internacionais que organicen competicións internacionais en España poderán subscribir acordos e convenios de colaboración coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para que sexa esta última a que realice materialmente os controis de dopaxe nesas competicións.

Artigo 13. *Controis de dopaxe a deportistas con licenza estranxeira que se encontren en España.*

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá ordenar, sen menoscabo das competencias autonómicas, a realización de controis a deportistas estranxeiros que se encontren en España e, especialmente, cando utilicen centros e instalacións de adestramento de titularidade pública.

Para os efectos oportunos, os resultados analíticos serán comunicados á respectiva federación deportiva internacional e á Axencia Mundial Antidopaxe.

Artigo 14. *Controis de dopaxe realizados en España a deportistas con licenza española por parte de organizacións internacionais.*

1. Só se poderán levar a cabo e recoñecer a validez dos controis de dopaxe efectuados por organizacións internacionais se cumpren os requisitos establecidos nos artigos 15 e concordantes desta lei.

2. As organizacións deportivas internacionais e a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderán subscribir acordos e convenios de colaboración para que sexa esta última quen realice materialmente os controis de dopaxe que aquelas teñan que levar a cabo en España.

Sección 2.^a Garantías na realización dos ditos controis

Artigo 15. *Persoal habilitado para a súa realización e outras garantías.*

1. Os controis de dopaxe que consistan na extracción de sangue do deportista realizaraos sempre un médico, un facultativo especialista en análises clínicas ou outro tipo de persoal sanitario cuxo título lle outorgue tal competencia, e que estea habilitado pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para o desempeño desta función. O resto de controis referentes a outros parámetros biolóxicos deberao facer, en todo caso, persoal debidamente habilitado pola Axencia.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e os órganos competentes das comunidades autónomas poderán desenvolver un sistema de recoñecemento mutuo de habilitacións mediante a subscrición de convenios específicos.

Así mesmo, poderá realizar esa función o persoal médico ou sanitario que se encontre habilitado polas federacións internacionais, pola Axencia Mundial Antidopaxe ou polas axencias nacionais antidopaxe doutros países cos que a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte subscribise convenios de colaboración para tal efecto.

2. Para facilitar o descanso nocturno do deportista, dentro da franxa horaria comprendida entre as 23:00 e as 6:00 horas non se deberá iniciar a realización de controis de dopaxe fóra de competición nin controis de saúde.

Non obstante, en casos debidamente xustificadas e con pleno respecto ao principio de proporcionalidade, será posible a realización de controis de dopaxe fóra de competición sempre que no momento de realízalos se informe o deportista das razóns que xustifican a non observancia da limitación horaria establecida no parágrafo anterior.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte velará, no exercicio das súas funcións, para que as condicións de realización dos controis de dopaxe previstos na presente lei se realicen axustándose ao principio de mínima intervención e velando pola proporcionalidade respecto do descanso nocturno do deportista e a afección dos dereitos e a intimidade dos deportistas.

3. Os deportistas serán informados no momento de recibir a notificación do control e, de ser o caso, ao iniciarse a recollida da mostra, dos dereitos e obrigas que os asisten en relación co citado control, dos trámites esenciais do procedemento e das súas principais consecuencias, do tratamento e cesión dos datos previstos na presente lei, así como da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e

oposición, establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Entre eles incluírase o dereito a non someterse á proba, sen prexuízo do disposto no número seguinte.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte establecerá un modelo normalizado de información para a recollida das mostras na realización dos controis de dopaxe.

O desenvolvemento dos controis deberase realizar con pleno respecto aos dereitos fundamentais dos deportistas.

4. Para os efectos dos procedementos disciplinarios en materia de dopaxe que se sigan pola infracción tipificada na letra c) do número primeiro do artigo 22 desta lei, a negativa sen xustificación válida a someterse aos controis, unha vez documentada, constituirá proba suficiente para os efectos de exixir a responsabilidade disciplinaria do deportista.

Enténdese por xustificación válida a imposibilidade de acudir como consecuencia acreditada de lesión que lle impida obxectivamente someterse ao control, ou cando a realización do control poña en grave risco a saúde do deportista.

5. O documento que acredite a negativa sen xustificación válida a que se refire o número anterior, realizada polo persoal habilitado, será suficiente para iniciar o correspondente procedemento disciplinario sen prexuízo do dereito de defensa do interesado.

Artigo 16. *Obrigas accesorias en materia de dopaxe.*

1. Os clubs, organizacións, grupos e demais entidades deportivas a que se refire o título III da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, ou que participen en actividades ou competicións deportivas organizadas no marco da citada lei, están obrigados a levar un libro, debidamente rexistrado na Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e de cuxa integridade exista garantía, en que farán constar os tratamentos médicos e sanitarios que prescribisen os seus facultativos aos deportistas baixo a súa dirección, sempre que aqueles autoricen esa inscrición.

Este libro de rexistro terá a consideración de documento sanitario para os efectos de acceso á información que contén, custodia e protección de datos.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá complementar ou substituír o libro de rexistro por procedementos centralizados de base de datos con utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e identificación electrónica, como a sinatura dixital e os sistemas de historia electrónica única e centralizada.

Os deportistas poderán exixir, no momento da súa inscrición no libro, que se lles entregue unha copia do asento ou outro documento equivalente, en que conste debidamente identificado o facultativo ou profesional sanitario que, baixo a súa dirección, prescribiu ou realizou o tratamento médico ou sanitario, e deberá constar a data, a sinatura e o selo, de ser o caso, do profesional responsable da atención sanitaria. Tamén poderán solicitar que o dato en cuestión sexa incorporado á súa tarxeta de saúde.

Calquera procedemento médico, terapéutico ou sanitario que se vaia prescribir ou aplicar a un deportista suxeito ao ámbito de aplicación desta lei e que se considere dopaxe, mesmo se é obxecto dunha autorización de uso terapéutico, deberá seguir un procedemento de consentimento informado que se regulará regulamentariamente e do que se gardará copia no libro de rexistro. Cada actuación sanitaria deberá ser referendada pola sinatura do deportista como garantía de que se realizou esa actuación e se autorizou o asento no libro de rexistro.

2. Esta obriga alcanza as federacións deportivas españolas cando os deportistas se encontren baixo a súa responsabilidade no marco das seleccións deportivas.

3. Nos deportes individuais, esta obriga recaerá sobre o deportista ou sobre a correspondente federación española na forma en que se indica no número anterior. Respecto da súa formalización aplicaranse as mesmas normas que para os deportes de equipo.

Artigo 17. *Autorizacións de uso terapéutico.*

1. Os deportistas con licenza para participar en competicións oficiais de ámbito estatal poden solicitar unha autorización de uso terapéutico ao Comité de Autorizacións de Uso Terapéutico, adscrito á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, que aplicará os criterios de avaliación contidos no anexo II da Convención internacional contra a dopaxe no deporte e nas normas para a concesión de autorizacións de uso terapéutico adoptadas pola Axencia Mundial Antidopaxe.

No suposto de que o deportista figure como incluído nun programa de seguimento internacional dunha federación internacional, corresponderá á federación internacional a concesión da autorización de uso terapéutico que terá pleno valor nas competicións e actividades deportivas estatais.

2. As autorizacións de uso terapéutico que se expidan conforme esta lei e as disposicións que a desenvolven, así como as documentacións complementarias correspondentes, deberán quedar baixo custodia da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

En caso de que se expidise unha autorización por parte dun organismo internacional a un deportista con licenza federativa para participar en competicións de ámbito estatal, o deportista ou a persoa que regulamentariamente se designe para isto está obrigado a remitir unha copia á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte para o seu rexistro, desde o inicio da súa validez. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte coordinará a información coa Axencia Mundial Antidopaxe no que se refire ás autorizacións de uso terapéutico.

Os órganos disciplinarios deportivos non poderán considerar válidas as autorizacións de uso terapéutico que non se encontren debidamente rexistradas na Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ou das que esta non obteña a constancia suficiente a través da Axencia Mundial Antidopaxe.

Sección 3.^a Tipos, planificación de controis e competencia para a súa realización

Artigo 18. *Tipos de controis.*

1. Para os efectos desta lei, considéranse controis de dopaxe:

a) O conxunto de actividades materiais realizadas por médicos, facultativos especialistas en análises clínicas ou persoal sanitario habilitado pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte se se trata de extraccións de sangue, ou por persoal debidamente habilitado pola mesma Axencia se se trata de controis referentes a outros parámetros biolóxicos, cuxa finalidade sexa comprobar a presenza ou non dalgunha substancia prohibida susceptible de producir dopaxe ou da utilización dun método non regulamentario, detectados mediante procedementos estandarizados nunha mostra extraída para tal efecto.

En todo caso, os controis de dopaxe incluírán as actividades de planificación para a súa realización con garantías, a selección dos deportistas aos cales efectuar os controis, recollidas e manipulación de mostras, as análises de laboratorio, así como a xestión e custodia dos resultados obtidos.

b) O conxunto de actividades materiais realizadas por médicos, facultativos especialistas en análises clínicas e persoal autorizado pola Axencia Mundial Antidopaxe e polas organizacións internacionais previstas no artigo 12 e seguintes, cuxa finalidade sexa comprobar a presenza dalgunha substancia prohibida susceptible de producir dopaxe ou da utilización dun método non regulamentario.

2. Enténdese por controis e actividades de protección da saúde, para os efectos desta lei, o conxunto de actuacións que a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte estableza para mellorar, controlar e previr os efectos contrarios á saúde que

poida producir a actividade deportiva, previr os accidentes deportivos ou minimizar os efectos destes.

Para o exercicio destas actuacións, teranse en conta as peculiares características das distintas modalidades ou especialidades deportivas.

Para estes efectos, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá propor a realización destas actividades naquelas modalidades ou especialidades deportivas en que o considere necesario polas súas peculiares características.

Regulamentariamente determinaranse as condicións e características que han de revestir as actuacións de protección da saúde aos deportistas.

Artigo 19. *Planificación dos controis.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte determinará e realizará, con medios propios ou alleos, os controis de dopaxe, os controis de saúde e demais actuacións en materia de protección da saúde, que deban ser realizados cando o seu financiamento se realice con fondos públicos respecto dos deportistas mencionados no artigo 10.1.

Malia o disposto no parágrafo anterior, as federacións deportivas poderán ordenar con cargo aos seus propios orzamentos os controis adicionais que consideren convenientes.

2. A planificación terá en conta as competicións máis relevantes en cada modalidade deportiva, así como os elementos técnicos que sexan subministrados á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte co fin de obter a máxima eficacia nos controis e ponderará adecuadamente a actividade competitiva, a de preparación e, especialmente, a participación dos deportistas españois en grandes eventos internacionais nos termos que se determinen nas normas regulamentarias.

Para tal fin as federacións e, de ser o caso, as ligas profesionais deberán remitir á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a información necesaria para poder coñecer o calendario de competicións.

3. O departamento encargado da planificación da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá solicitar do Consello Superior de Deportes e das federacións deportivas a información que sexa precisa para lograr a máxima eficacia na planificación.

4. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, a través do seu director, poderá ordenar controis específicos, fóra da planificación, xa sexan dentro ou fóra de competición, a deportistas suxeitos á presente lei. Estes controis efectuaranse de conformidade co establecido nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento e con pleno respecto ao establecido no punto sexto do presente artigo.

5. A planificación elaborada pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte será secreta e non poderá ser divulgada nin publicada. A vulneración desta obriga será considerada infracción moi grave ao abeiro do artigo 22.1.j) desta lei.

6. Na realización dos controis e probas a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte coidará de que estes se leven a cabo con pleno respecto aos dereitos fundamentais da persoa, á protección dos seus datos persoais e ás melloras prácticas para a realización de tales actividades.

Artigo 20. *Da competencia para a realización dos controis.*

1. A programación e realización dos controis en competición e fóra dela corresponde á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

2. Nos controis de dopaxe realizados en competición ou fóra de competición aos deportistas, as análises destinadas á detección de substancias e métodos prohibidos no deporte deberán realizarse en laboratorios con acreditación internacional da Axencia Mundial Antidopaxe ou homologados polo Estado.

3. Así mesmo, producirán efecto nos procedementos administrativos que se tramiten en España as análises realizadas polos laboratorios acreditados pola Axencia Mundial Antidopaxe.

4. As comunidades autónomas poderán celebrar coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte convenios de colaboración co fin de que esta asuma o exercicio das competencias en materia de control de dopaxe que a estas corresponden respecto dos deportistas con licenza autonómica e en probas de ámbito autonómico.

CAPÍTULO II

Do réxime sancionador en materia de dopaxe

Sección 1.^a Responsables, infraccións, sancións e réxime de determinación da responsabilidade

Artigo 21. Responsabilidade do deportista e do seu ámbito.

1. Os deportistas incluídos no ámbito de aplicación do capítulo I do título II deberán manter unha conduta activa de loita contra a dopaxe e a utilización de métodos prohibidos no deporte e deben asegurarse de que ningunha substancia prohibida se introduza no seu organismo, e serán responsables cando se produza a detección da súa presenza naquel nos termos establecidos nesta lei.

2. Os deportistas, os seus adestradores federativos ou persoais, directivos, así como os clubs e equipos deportivos a que estea adscrito o deportista, responderán do incumprimento das obrigas impostas en materia de localización habitual dos deportistas.

3. Os deportistas, os seus adestradores, médicos e demais persoal sanitario, así como os directivos de clubs e organizacións deportivas, responderán da infracción das normas que regulan a obriga de lles facilitar aos órganos competentes información sobre as enfermidades do deportista, tratamentos médicos a que estea sometido, alcance e responsable do tratamento, cando aquel autorizase a utilización de tales datos.

De igual forma, responderán polo incumprimento das obrigas impostas polas autorizacións de uso terapéutico ou do incumprimento da obriga de solícitala.

4. O disposto neste precepto enténdese sen prexuízo das demais obrigas e do réxime sancionador establecidos na presente lei.

Artigo 22. Tipificación de infraccións en materia de dopaxe.

1. Para os efectos da presente lei, considéranse como infraccións moi graves:

a) O incumprimento das obrigas a que fai referencia o artigo anterior, que dea lugar á detección da presenza de calquera cantidade dunha substancia prohibida, ou dos seus metabolitos ou marcadores, nas mostras físicas dun deportista.

Sen prexuízo do anterior, a lista de substancias e métodos prohibidos prevista no artigo 4 desta lei poderá prever un límite de cuantificación para determinadas substancias ou criterios especiais de valoración para avaliar a detección de substancias prohibidas.

b) A utilización, o uso ou o consumo de substancias ou métodos prohibidos no deporte.

c) A resistencia ou negativa, sen xustificación válida, a someterse aos controis de dopaxe, dentro e fóra da competición, así como a obstrución, a non atención, a dilación indebida, a ocultación e demais condutas que, por acción ou omisión, eviten, impidan, perturben ou non permitan realizar controis de dopaxe na forma prevista nesta lei.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, ademais de pola realización de calquera das condutas nel indicadas, considerarase de modo particular que se produciu a infracción sempre que calquera deportista evite voluntariamente, por acción ou por omisión, a recollida de mostras a que estea obrigado a someterse.

d) A colaboración ou participación na utilización de substancias ou métodos prohibidos.

e) A alteración, falsificación ou manipulación de calquera elemento dos procedementos de control de dopaxe.

f) A posesión polos deportistas ou polas persoas do seu ámbito, xa sexa en competición ou fóra de competición, de substancias prohibidas neses ámbitos ou dos elementos necesarios para a utilización ou uso de métodos prohibidos, cando se careza dunha autorización de uso terapéutico para a súa administración ou dispensación, ou doutra xustificación legal ou regulamentariamente cualificada como suficiente.

A tenza dunha autorización de uso terapéutico non excluírá a comisión da infracción se as persoas responsables dispoñen dunha cantidade de substancias ou métodos prohibidos tan superior á que correspondería ao simple uso que ampara a autorización indicada, que se poida supor razoablemente que están dirixidas ao tráfico previsto na letra i) do punto primeiro deste precepto.

g) A administración, a dispensación, o ofrecemento, a facilitación ou a administración aos deportistas de substancias prohibidas ou da utilización de métodos prohibidos na práctica deportiva, xa se produzan en competición ou fóra de competición.

h) A promoción, incitación, contribución, instigación ou facilitación das condicións para a utilización de substancias prohibidas ou métodos prohibidos.

i) O tráfico de substancias e métodos prohibidos.

j) O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 19 en relación coa confidencialidade da planificación.

k) O quebrantamento das sancións impostas conforme esta lei.

l) O intento de comisión das condutas descritas nas letras b), e), g) e i) deste número, sempre que no caso do tráfico a conduta non constituía delito.

m) O depósito, a comercialización ou a distribución, baixo calquera modalidade, en establecementos dedicados a actividades deportivas, de produtos que conteñan substancias prohibidas por seren susceptibles de producir dopaxe.

n) A incitación ao consumo, en establecementos dedicados a actividades deportivas, de produtos que conteñan substancias prohibidas por seren susceptibles de producir dopaxe.

2. Considéranse infraccións graves:

a) O incumprimento das obrigas relativas á presentación de información sobre localización ou relativas á dispoñibilidade do deportista para realizar os controis nesa localización, nos termos previstos na súa normativa reguladora.

Considerarase que existe infracción cando o deportista faltase ás obrigas en materia de localización en tres ocasións durante un prazo de dezaioito meses.

b) As condutas descritas nas letras a), b), e f) do número anterior, cando afecten, versen ou teñan por obxecto substancias identificadas no artigo 4.2.2 do Código Mundial Antidopaxe e na lista prevista no artigo 4 como «substancias específicas».

Para que se poida considerar que estas condutas son infraccións graves será necesario que o infractor xustifique como entrou no seu organismo a substancia ou a causa que xustifica a súa posesión, e que proporcione probas suficientes de que esa substancia non ten como fin mellorar o rendemento deportivo ou enmascarar o uso doutra substancia dirixida a mellorar tal rendemento. O grao de culpa do posible infractor será o criterio que se teña en conta para estudar calquera redución do período de suspensión.

Para que se poida considerar que as probas son suficientes será necesario que o infractor presente probas que sustenten a súa declaración e que xeren a convicción ao órgano competente sobre a ausencia de intención de mellorar o rendemento deportivo ou de enmascarar o uso dunha substancia que o mellore.

c) O incumprimento das obrigas relativas á información sobre tratamentos médicos e á comunicación que o deportista está obrigado a proporcionar á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte en caso de obtención de autorizacións para o uso terapéutico a que fai referencia o artigo 17.2 desta lei, así como a vulneración do disposto no artigo 55 da presente lei.

Artigo 23. Sancións aos deportistas.

1. As infraccións tipificadas como moi graves no número 1 do artigo 22 serán sancionadas do seguinte modo:

a) Pola comisión das infraccións moi graves previstas na letra a), b), c), d), e), f), l), m) e n) do punto primeiro do artigo 22, imporase a suspensión de licenza federativa por un período de dous anos, e multa de 3.001 a 12.000 euros.

b) Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras g), h), i), j) e k) do punto primeiro do artigo 22, imporanse as sancións de suspensión de licenza federativa por un período de catro anos a inhabilitación de por vida para obter a licenza e multa de 3.001 a 12.000 euros.

2. As infraccións tipificadas como graves no punto 2 do artigo 22 serán sancionadas do seguinte modo:

a) Pola comisión das infraccións graves previstas nas letras a) e c) do punto segundo do artigo 22 desta lei, imporase a sanción de un a dous anos de suspensión de licenza federativa e multa de 1.500 a 3.000 euros. O período de suspensión será dun mínimo dun ano e dun máximo de dous anos. A determinación farase tendo en conta o grao de culpabilidade do deportista con aplicación do disposto no artigo 27 desta lei.

b) Pola comisión das infraccións graves previstas na letra b) do punto segundo do artigo 22 desta lei, imporase a sanción de apercibimento ou suspensión de licenza federativa ata de dous anos e multa de 1.500 a 3.000 euros. Nestes casos será necesario que concorran as circunstancias descritas no parágrafo segundo da letra b) do punto segundo do artigo 22 desta lei.

Artigo 24. Sancións aos clubs, equipos deportivos e federacións.

1. Pola comisión das infraccións moi graves previstas no punto primeiro do artigo 22 desta lei, imporanse aos clubs, equipos deportivos e federacións unha ou varias das seguintes sancións:

a) Multa de 30.001 a 300.000 euros.

Sen prexuízo do disposto no artigo 27.5.e), cando nas referidas condutas estea involucrado un menor de idade ou en caso de reincidencia, a sanción pecuniaria unicamente poderá ter carácter accesorio e sancionarse con multa de 40.000 a 400.000 euros.

b) Perda de puntos, eliminatoria ou postos na clasificación da competición.

c) Descenso de categoría ou división.

2. Pola comisión das infraccións graves previstas no punto segundo do artigo 22 desta lei, imporase a sanción de multa de 10.000 a 30.000 euros. Cando se incorra por segunda vez nalgún dos ilícitos antes referidos, a conduta será cualificada como infracción moi grave e dará lugar á aplicación das sancións de multa de 24.000 a 80.000 euros e, de ser o caso, perda de puntos, eliminatoria ou postos na clasificación ou descenso de categoría ou división. Se se comete unha terceira infracción, a sanción pecuniaria unicamente poderá ter carácter accesorio e sancionarse con multa de 40.000 a 400.000 euros.

3. As sancións previstas nos dous números anteriores non impedirán a aplicación do resto de medidas e consecuencias previstas neste título.

Artigo 25. Sancións a técnicos, xuíces, árbitros, demais persoas con licenza deportiva, directivos, dirixentes ou persoal de federacións deportivas españolas, de ligas profesionais, de entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial, clubs ou equipos deportivos.

1. As infraccións tipificadas como moi graves no número 1 do artigo 22 serán sancionadas do seguinte modo:

a) Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras b), c), d), e), f) e l) do punto primeiro do artigo 22, imporase suspensión de licenza federativa ou inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos por un período de dous anos e multa de 10.001 a 100.000 euros.

b) Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras g), h), i), j) e k) do punto primeiro do artigo 22, imporanse as sancións de suspensión de licenza federativa ou inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos por un período de catro anos a inhabilitación de por vida, e multa de 10.001 a 100.000 euros.

Sen prexuízo do disposto no artigo 27.5.e), en caso de que a infracción se cometa contra un menor de idade, a sanción será, ademais da multa de 40.000 a 400.000 euros, a inhabilitación de por vida.

2. As infraccións tipificadas como graves no número 2 do artigo 22 serán sancionadas do seguinte modo:

a) Pola comisión das infraccións graves previstas nas letras a) e c) do punto segundo do artigo 22 desta lei, imporanse as sancións de suspensión de licenza federativa ou inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos por un período de un a dous anos, e multa de 5.001 a 50.000 euros.

b) Pola comisión das infraccións graves previstas na letra b) do punto segundo do artigo 22 desta lei, imporase a sanción de apercibimento ou suspensión de licenza federativa ata de dous anos, e multa de 10.000 a 100.000 euros.

3. As persoas físicas ou xurídicas que realicen as condutas tipificadas como infraccións na presente sección, sen disporen de licenza federativa ou de habilitación equivalente, pero prestando servizos ou actuando por conta de federacións deportivas españolas, ligas profesionais ou entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial por delegación das anteriores, ou as persoas ou entidades integradas dentro de tales organizacións, non poderán exercer cargos deportivos en calquera entidade relacionada co deporte, obter licenza deportiva ou habilitación equivalente, nin exercer os dereitos derivados da licenza deportiva por un período equivalente á duración das sancións de inhabilitación para o desempeño de cargos deportivos, privación ou suspensión de licenza deportiva ou habilitación equivalente.

As infraccións tipificadas como moi graves no número 1 do artigo 22 da presente lei serán consideradas como transgresión da boa fe contractual para os efectos do artigo 54.2.d) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

As federacións deportivas españolas, ligas profesionais e entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial adaptarán a súa normativa para incluír estas previsións, que serán compatibles coa responsabilidade civil que en cada caso proceda e coa depuración das responsabilidades que resulten exhibibles en virtude do disposto polo artigo 26.5 desta lei.

Artigo 26. Sancións aos médicos e persoal sanitario, así como ao persoal de clubs, equipos, federacións e calquera outra entidade deportiva e aos responsables de establecementos deportivos.

1. As infraccións tipificadas como moi graves no número 1 do artigo 22 e que sexan realizadas por médicos e demais persoal que realice funcións sanitarias serán sancionadas do seguinte modo:

a) Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras b), c), d), e), f) e l) do punto primeiro do artigo 22, imporase suspensión de licenza federativa ou inhabilitación para a súa obtención por un período de dous anos, e multa de 10.001 a 100.000 euros.

b) Pola comisión das infraccións moi graves previstas nas letras g), h), i), j) e k) do punto primeiro do artigo 22, imporanse as sancións de suspensión de licenza federativa ou inhabilitación para a súa obtención por un período de catro anos a inhabilitación de por

vida, e multa de 10.001 a 100.000 euros. Sen prexuízo do disposto no artigo 27.5 e), en caso de que a infracción se cometa contra un menor de idade, a multa será de 40.000 a 400.000 euros e imporase a inhabilitación de por vida.

2. As infraccións tipificadas como graves no número 2 do artigo 22 serán sancionadas do seguinte modo:

a) Pola comisión das infraccións graves previstas nas letras a) e c) do número segundo do artigo 22 desta lei, imporase as sancións de suspensión de licenza federativa ou inhabilitación para a súa obtención por un período de un a dous anos, e multa de 5.000 a 50.000 euros.

b) Pola comisión das infraccións graves previstas na letra b) do número segundo do artigo 22 desta lei, imporase a sanción de suspensión de licenza ata de dous anos, e multa de 3.000 a 10.000 euros.

3. Estas condutas serán consideradas como transgresión da boa fe contractual para os efectos do artigo 54.2.d) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

4. As federacións deportivas españolas, ligas profesionais e entidades organizadoras de competicións deportivas de carácter oficial adaptarán a súa normativa para incluír estas previsións, que serán compatibles coa responsabilidade civil que en cada caso proceda e coa depuración das responsabilidades que resulten exixibles en virtude do disposto no presente título.

5. Sen prexuízo do disposto no número anterior e das responsabilidades que proceda exixir polas condutas tipificadas na presente sección, os órganos disciplinarios comunicarán aos correspondentes colexios profesionais os actos realizados polo persoal que realice funcións sanitarias para os efectos disciplinarios oportunos. A cesión farase coa debida reserva dos datos relativos aos deportistas implicados.

Artigo 27. *Criterios para a imposición de sancións en materia de dopaxe.*

1. A imposición das sancións previstas nos artigos precedentes realizarase aplicando o principio de proporcionalidade e atendendo ás circunstancias concorrentes en cada caso, especialmente as que se refiren ao coñecemento, ao grao de responsabilidade das funcións desempeñadas polo infractor e á natureza dos prexuízos ocasionados.

2. Considerarase circunstancia eximente da responsabilidade disciplinaria o feito de que o deportista ou persoa afectada polo procedemento sancionador acredite que, para ese caso concreto, non existiu ningunha culpa ou negligencia pola súa parte.

Se se dá esta circunstancia, o deportista, para se exonerar de responsabilidade e evitar a sanción, deberá xustificar a forma en que se introduciu a substancia prohibida no seu organismo.

Neste caso, os órganos disciplinarios determinarán que o deportista non cometeu ningunha infracción para os efectos da existencia de reincidencia en infraccións en materia de dopaxe.

Tamén se considerará circunstancia eximente a obtención dunha autorización de uso terapéutico, que producirá unha exención da responsabilidade disciplinaria relativa á utilización de produtos dopantes, á posesión de substancias ou métodos prohibidos ou á administración ou intento de administración destas. A citada exención alcanzará unicamente as substancias ou métodos prohibidos que se conteñan na autorización.

3. Consideraranse circunstancias atenuantes:

a) A ausencia de culpa ou negligencia grave na actuación do deportista ou da persoa responsable da infracción debidamente acreditada. Nestes casos, o órgano disciplinario reducirá o período de suspensión ata a metade do período de suspensión que sería aplicable de non concorrer tal circunstancia.

No suposto de que a sanción prevista para a infracción cometida sexa a inhabilitación de por vida da licenza federativa, o período de suspensión reducido en aplicación deste precepto non poderá ser inferior a oito anos.

En caso de que a infracción consista na detección dunha substancia prohibida no organismo dun deportista, para que sexa aplicable esta atenuante, aquel deberá demostrar de que forma se introduciu no seu organismo esa substancia para modificar a súa responsabilidade e obter a redución da sanción.

b) A admisión voluntaria da comisión de condutas constitutivas de infracción das normas antidopaxe por parte dun deportista ou da persoa responsable da infracción, feita ante o órgano competente antes de recibir calquera tipo de notificación que poida manifestar a posible existencia de responsabilidade por tales feitos, sempre que a confesión sexa a única proba da infracción nese momento.

Nestes casos, o órgano competente poderá reducir o período de suspensión que correspondería pola comisión da infracción, ata a metade do que sería aplicable en caso de non concorrer tal circunstancia.

c) A colaboración do deportista ou doutra persoa proporcionando unha axuda substancial, que permita descubrir ou demostrar unha infracción das normas antidopaxe, un delito de dopaxe tipificado no artigo 361 bis do Código penal ou a infracción das normas profesionais por outro deportista ou outra persoa. A aplicación desta atenuante axustarase ao disposto no artigo 36 desta lei.

4. Antes de aplicar calquera redución en virtude desta norma, o período de suspensión aplicable determinarase de acordo coas regras establecidas nos artigos 23 e seguintes desta lei. En caso de que concorran dúas ou máis circunstancias atenuantes das previstas no presente artigo e o deportista acredite o seu dereito a unha redución do período de suspensión, a sanción que correspondería á infracción cometida poderase reducir ata a cuarta parte do período de suspensión que se debería aplicar en caso de non concorrer ningunha atenuante.

En caso de que a infracción na cal concorran as circunstancias atenuantes sexa a segunda cometida polo infractor, o período de suspensión aplicable fixarase en primeiro lugar de acordo co artigo 28 desta lei e sobre o período que corresponda aplicarase a correspondente redución. Tras a aplicación das circunstancias atenuantes, o período de suspensión será, ao menos, da cuarta parte do período de suspensión que se debería aplicar en caso de non concorrer ningunha atenuante.

5. Consideraranse circunstancias agravantes da responsabilidade disciplinaria as seguintes:

a) Que o suxeito infractor cometese a infracción no marco dun plan ou dunha trama organizada de dopaxe.

b) Que o suxeito infractor incorra en reiteración de condutas que impliquen a infracción das normas antidopaxe.

Para estes efectos enténdese por reiteración a realización das condutas prohibidas de maneira repetida, sempre que esta circunstancia resulte debidamente acreditada no procedemento sancionador e sempre que o suxeito infractor non fose sancionado previamente por ningunha daquelas condutas.

c) Que o suxeito infractor utilizase ou posuíse varias substancias ou métodos prohibidos.

d) Que o suxeito infractor se beneficiase da conduta ilícita durante un tempo máis prolongado que a duración da potencial suspensión que se lle poida impor.

e) Que no caso das infraccións previstas nas letras g) e i) do punto primeiro do artigo 22, o suxeito infractor cometese a infracción sobre un menor de idade. Nos casos previstos nos artigos 24.1.a), 25.1.b) e 26.1.b) non se aplicará esta circunstancia agravante e a sanción que se aplique será a prevista nestes preceptos.

En todos os casos previstos neste punto a sanción que se impoña poderase elevar ata un máximo de catro anos, salvo que o suxeito infractor acredite que non concorreu ningunha intencionalidade na conduta que agrave a responsabilidade.

Artigo 28. Reincidencia na comisión de infraccións.

1. Enténdese por reincidencia para os efectos do disposto nesta lei a comisión dunha segunda ou posteriores infraccións en materia de dopaxe dentro dun período de oito anos e sempre que esas infraccións fosen debidamente sancionadas e notificadas ao seu responsable.

2. En caso de reincidencia na comisión de infraccións en materia de dopaxe por calquera suxeito infractor, a sanción imporase apreciando as circunstancias concorrentes e para a graduación da segunda sanción utilizaranse, en todo caso, os criterios establecidos no Código Mundial Antidopaxe. Tales criterios reflíctense no cadro incluído no anexo segundo desta lei. Respecto da terceira ou posteriores infraccións aplicarase o disposto no Código Mundial Antidopaxe.

Artigo 29. Imposición de sancións pecuniarias.

1. As sancións persoais de multa, nos casos de deportistas, só se poderán impor cando estes obteñan ou obtivesen ingresos que estean asociados á actividade deportiva desenvolvida.

2. As multas impostas polas federacións deportivas españolas, pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e, de ser o caso, polo Tribunal Administrativo do Deporte, serán executadas, en caso de non pagamento, de forma forzosa segundo os termos establecidos na normativa vixente en materia de recadación.

3. O produto das multas recadado polo procedemento previsto no número anterior constitúe un ingreso de dereito público que se destina ao cumprimento dos fins de investigación e que permitirá xerar no orzamento da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte os créditos necesarios para o desenvolvemento desa actividade, cuxa realización material se levará a cabo de conformidade co establecido nesta lei.

Artigo 30. Anulación de resultados.

1. A comisión dunha conduta das previstas na presente lei como infracción, por parte dun deportista no marco dunha competición individual e como consecuencia da realización dun control en competición, será causa de nulidade automática dos resultados obtidos nesa competición, coa perda de todas as medallas, puntos, premios e todas aquelas consecuencias necesarias para eliminar calquera resultado obtido naquela competición, con independencia de que conorra unha causa de exención ou de atenuación de responsabilidade.

2. Fóra do caso mencionado no parágrafo anterior, en caso de que un deportista cometese unha infracción das previstas na presente lei, durante un acontecemento deportivo ou en relación con el, o órgano competente deberá anular todos os resultados obtidos por ese deportista nese acontecemento deportivo. A anulación suporá a perda de todas as medallas, puntos, premios e todas aquelas consecuencias necesarias para eliminar calquera resultado obtido nese acontecemento deportivo. Sen prexuízo do anterior, en caso de que o deportista demostre que non concorreu pola súa parte ningunha culpa ou negligencia na conduta infractora, os seus resultados individuais no resto de competicións distintas a aquela en que se produciu a infracción non serán anulados, salvo que os resultados obtidos nesas competicións poidan estar influídos pola infracción cometida.

3. Ademais do previsto nos dous números anteriores, serán anulados todos os demais resultados obtidos nas competicións celebradas desde a data en que se produciu o control de dopaxe de que derive a sanción ou desde a data en que se produciron os feitos constitutivos de infracción ata que recaia a sanción ou a suspensión provisional, e aplicaranse todas as consecuencias que deriven de tal anulación salvo que a decisión sobre a suspensión provisional ou a sanción se demorase por causas non imputables ao deportista, e os resultados obtidos nesas competicións non estean influídos pola infracción cometida. Esa anulación suporá a perda de todas as medallas, puntos, premios

e todas aquelas consecuencias necesarias para eliminar calquera resultado obtido en tal acontecemento deportivo.

4. Nos deportes de equipo, sempre e cando dous ou máis dos seus membros cometesen unha infracción en materia de dopaxe durante o período de celebración dunha competición, e con independencia das sancións que poidan corresponder en virtude do disposto polos artigos 23 e seguintes da presente lei, os órganos disciplinarios deberanse pronunciar sobre a procedencia de alterar, de ser o caso, o resultado dos encontros, probas, competicións ou campionatos. Para isto ponderarán as circunstancias concorrentes e, en todo caso, a participación decisiva no resultado do encontro, proba ou competición daqueles que cometeron infraccións en materia de dopaxe e a implicación de menores de idade nas referidas condutas.

Artigo 31. *Efectos das sancións.*

1. A imposición de sancións relacionadas coa dopaxe no deporte constitúe, cando así o exixa a natureza da sanción imposta, un suposto de imposibilidade para obter ou exercer os dereitos derivados da licenza deportiva en calquera ámbito territorial, nos termos previstos no artigo 32.4 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

2. Calquera resolución ditada polas autoridades antidopaxe doutros Estados ou polas federacións ou entidades internacionais competentes será recoñecida de maneira inmediata en España sempre que sexan conformes co disposto no Código Mundial Antidopaxe e correspondan ao ámbito de competencias desa entidade. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte será a encargada de facer o recoñecemento de oficio ou por instancia dos deportistas, nos casos en que se poidan suscitar dúbidas acerca da súa procedencia.

O recoñecemento e a execución dos laudos arbitraris e das sentenzas firmes ditadas polos tribunais estranxeiros en materia de dopaxe axustaranse ao establecido no libro II, título VIII, sección 2.^a da Lei de axuízamento civil, aprobada polo Real decreto do 3 de febreiro de 1881, e ás normas internacionais aplicables en España.

En ambos os casos, durante a tramitación do correspondente procedemento suspenderanse provisionalmente os efectos da licenza do deportista en España. O límite máximo de duración da suspensión provisional será equivalente á duración da sanción de inhabilitación imposta na resolución de orixe.

3. Durante o período de suspensión, a persoa sancionada non poderá participar, en ningunha calidade, en ningunha competición ou actividade autorizada ou organizada por algún dos signatarios da Convención da Unesco, os seus membros, federacións deportivas, clubs ou outra organización pertencente a unha organización dun membro signatario, ou en competicións autorizadas ou organizadas por calquera liga profesional ou calquera organizador de acontecementos nacionais ou internacionais.

A persoa sancionada poderá solicitar da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a autorización para participar en programas educativos ou de rehabilitación.

Calquera deportista ou persoa suxeita a un período de suspensión permanecerá suxeita a controis nos termos que se indican no artigo 11.2 desta lei.

4. As persoas que sexan sancionadas pola comisión de calquera infracción das normas antidopaxe, salvo as establecidas na letra b) do punto segundo do artigo 22, veranse privadas da totalidade do apoio financeiro outorgado directamente polas administracións públicas ou por calquera entidade en que participe unha Administración pública ou de calquera outra vantaxe económica ou beneficio fiscal relacionado coa súa práctica deportiva que poida obter daquelas. A recuperación das cantidades obtidas realizarase de conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nas súas disposicións de desenvolvemento, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ou en calquera outra forma permitida polo ordenamento xurídico.

5. O deportista que fose sancionado cunha privación de licenza de máis de catro anos poderá, pasados estes catro anos, participar en actividades deportivas de ámbito

diferente e inferior ao estatal sen que os resultados que obteña permitan en ningunha forma a participación en competicións nacionais ou internacionais de ningún tipo.

Artigo 32. *Rehabilitación.*

1. Para que un deportista sancionado por dopaxe poida obter a rehabilitación deberá acreditar que se someteu, logo de solicitude á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, aos controis previstos no artigo 11.2, e que cumpriu, de ser o caso, cos deberes de localización previstos no artigo 11.3, así como que cumpriu integramente a sanción e todas as medidas accesorias que se prevén neste título.

2. En caso de que o deportista sancionado se retire da competición e non se someta ao control previsto no número anterior, para obter a súa rehabilitación deberá comunicalo á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e someterse a controis fóra de competición durante un tempo igual ao que mediase desde a comunicación da súa retirada ata o cumprimento total da sanción de suspensión.

Artigo 33. *Colaboración coas autoridades xudiciais.*

1. Se a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ten coñecemento no exercicio das súas funcións da posible existencia de condutas que poden ser constitutivas do delito previsto no artigo 361 bis do Código penal, porao de inmediato en coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, do Ministerio Fiscal ou xuíz competente para a instrución do correspondente proceso.

2. Cando se instrúa un proceso penal seguido pola presunta infracción do artigo 361 bis do Código penal, o xuíz de instrución poderá solicitar da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte que emita un informe sobre a concorrencia de perigo para a vida ou a saúde dos deportistas. Para estes exclusivos efectos, proporcionará á Axencia os datos ou as dilixencias de instrución practicadas que considere necesarias para emitir o informe. O Ministerio Fiscal poderá tamén solicitar do xuíz instructor a práctica desta dilixencia que, en todo caso, deberá ser emitida no prazo de 20 días desde a data da notificación á Axencia da resolución xudicial pola cal se solicita o informe.

3. Unha vez emitido o informe, en caso de que o xuíz proceda a continuar as actuacións, comunicarao á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

Tanto neste caso coma en calquera outro suposto en que o informe non se solicítase, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte suspenderá todos os procedementos sancionadores que se puidesen estar tramitando respecto dos presuntos responsables da infracción penal, desde o momento en que aquela aprecie que existe identidade de feitos e fundamento.

O comezo ou a continuación da fase de instrución do proceso penal suporá que a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poida acordar, se procede, logo de audiencia dos interesados, a suspensión da licenza federativa á luz dos principios do artigo 10 do Código Mundial Antidopaxe.

O tempo de duración da medida cautelar descontarase da medida asociada que poida derivar da condena do responsable do delito.

En caso de que o proceso penal finalice cunha condena firme pola comisión dun delito previsto no artigo 361 bis do Código penal, esta levará consigo automaticamente, como medida asociada, a suspensión da licenza federativa polo mesmo prazo establecido na presente lei para as infraccións administrativas equivalentes, mesmo en caso de reincidencia. Esta medida será adoptada pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte unha vez que teña coñecemento da condena. Neste caso xa non será posible sancionar a quen fose afectado pola medida asociada, sempre que entre o delito e a infracción administrativa se aprecie que existe identidade de feitos, suxeitos e fundamento.

4. Nos casos en que, como consecuencia do informe emitido pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte ou por calquera outra causa, o xuíz de instrución considere que non procede continuar as actuacións penais, indicará á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a finalización do procedemento penal e esta iniciará

ou continuará, de ser o caso, coa tramitación dos procedementos administrativos sancionadores en curso. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá solicitar que lle sexa remitido o auto de sobresemento libre ou a sentenza absolutoria co fin de dar por acreditados os feitos probados que esta conteña.

5. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá solicitar que lle sexan remitidas aquelas dilixencias de instrución practicadas que sexan necesarias para a continuación dos procedementos sancionadores. Esta petición será resolta polo xuíz de instrución, logo de audiencia dos interesados, no prazo de 20 días. Nesa audiencia os interesados poderán solicitar que sexan tamén remitidos os documentos que os poidan beneficiar. A resolución do xuíz será plenamente respectuosa co principio de proporcionalidade; entregará á Administración, mediante resolución motivada, unicamente as dilixencias que a aplicación de tal principio autorice.

No caso de que a causa penal xa non se encontre en fase de instrución, a petición dirixirase ao órgano xurisdiccional que estea coñecendo das actuacións respecto das dilixencias de instrución ou das probas xa practicadas.

Se estivese ditada xa unha sentenza, os feitos declarados probados nela vincularán a Administración, fose ou non remitida á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. Igual regra se aplicará se xa se ditase anteriormente unha resolución administrativa firme.

6. Tan pronto como calquera xuíz ou tribunal teña coñecemento da posible existencia dunha infracción administrativa en materia de dopaxe, pasará o correspondente tanto de culpa á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá solicitar do xuíz que tome a medida mencionada no parágrafo anterior cando teña coñecemento da existencia de razóns para iso.

Nestes casos a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte procederá a iniciar os procedementos sancionadores e a adoptar, de ser o caso, e logo de audiencia dos interesados, a medida cautelar de suspensión da licenza federativa. Tal resolución estará sometida ao sistema xeral de recursos previsto nesta lei.

Artigo 34. *Extinción da responsabilidade disciplinaria.*

A responsabilidade disciplinaria extinguirase:

- a) Polo cumprimento da sanción.
- b) Por prescrición.

Artigo 35. *Prescrición das infraccións e as sancións.*

1. As infraccións establecidas nesta lei prescribirán aos 8 anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometeu. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador.

2. As sancións de multa impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos e as impostas por infraccións graves aos dous anos.

As sancións de inhabilitación prescribirán, nos casos de ausencia de notificación, aos cinco anos as impostas por infraccións moi graves, e aos tres anos as impostas por infraccións graves.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución.

Artigo 36. *Colaboración na detección.*

1. A sanción de suspensión dun deportista ou doutra persoa que deba ser imposta conforme a presente lei poderá ser reducida nos termos previstos no presente artigo se o

deportista ou outra persoa proporciona unha axuda substancial, que permita descubrir ou demostrar unha infracción das normas antidopaxe, un delito dos previstos no artigo 361 bis do Código penal ou a infracción das normas profesionais por outro deportista ou outra persoa.

2. A redución do período de suspensión prevista no número anterior non poderá exceder as tres cuartas partes do período de suspensión que corresponda, e en caso de que a sanción consista en inhabilitación de por vida para obter a licenza federativa, o período de suspensión deberá ser ao menos de oito anos.

3. A redución do período de suspensión estará baseada na gravidade da infracción contra a dopaxe que o deportista cometese e na importancia da axuda que proporcionase. A decisión de redución parcial do período de suspensión requirirá un informe preceptivo emitido pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, a menos que sexa o órgano competente, pola Axencia Mundial Antidopaxe e pola correspondente federación internacional e notificarase a todas as persoas e órganos con lexitimación para recorrer contra as resolucións do órgano que a pretende aplicar.

4. Calquera parte do período de suspensión poderá ser reintegrada se o deportista ou outra persoa non proporciona finalmente a axuda substancial recollida nos números anteriores. Para estes efectos, o prazo de prescrición das sancións entenderase suspendido ata que o órgano competente se pronuncie sobre a existencia dos ilícitos mencionados no punto primeiro deste artigo.

Sección 2.^a Do procedemento para a imposición de sancións en materia de dopaxe

Artigo 37. Competencia en materia de procedementos disciplinarios para a represión da dopaxe no deporte.

1. A potestade disciplinaria en materia de dopaxe na actividade deportiva efectuada con licenza deportiva estatal ou autonómica homologada corresponde á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

As comunidades autónomas poderán celebrar convenios para atribuír á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte o exercicio da competencia sancionadora en materia de dopaxe respecto dos suxeitos infractores ou competicións de ámbito autonómico.

Excepcionalmente, nos casos en que, conforme as regras de determinación da competencia aplicables ás competicións de ámbito autonómico, ningunha comunidade autónoma teña competencias sancionadoras, por se ter celebrado a proba fóra do territorio da súa comunidade respecto dun deportista con licenza autonómica, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte asumirá a competencia sancionadora e incoará o correspondente procedemento disciplinario.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte non terá competencias sancionadoras respecto dos deportistas cualificados oficialmente como de nivel internacional ou que participen en competicións internacionais. Nestes casos, a competencia corresponderá ás federacións españolas. Os actos que se diten no exercicio desta competencia entenderanse ditados por delegación da federación internacional correspondente e non terán a consideración de actos administrativos. Por excepción, esa competencia poderá ser asumida polas federacións Internacionais ou entidades que realicen unha función equivalente, logo da sinatura do correspondente convenio coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte en que se establecerán as condicións baixo as que se asumirá tal competencia. O convenio poderá establecer que o exercicio da competencia sexa asumido pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte aínda que a titularidade siga correspondendo á federación ou entidade asinante. En todos estes casos, en canto ás normas aplicables e ao procedemento aplicarase o disposto no artigo 1.3.

2. A instrución e resolución dos expedientes disciplinarios corresponde á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. A fase instrutora e a resolución dos expedientes deberanse encomendar a órganos distintos.

3. A instrución e resolución dos expedientes disciplinarios que, por incumprimento das prescricións da presente lei, proceda levar a cabo e que afecten directivos das federacións deportivas españolas, ligas profesionais e, de ser o caso, entidades con funcións análogas, corresponderá en única instancia administrativa ao Tribunal Administrativo do Deporte.

O procedemento tramitarase conforme as normas da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, e a súa normativa de desenvolvemento.

4. Se un deportista ou outra persoa se retiran pondo fin á súa actividade deportiva no transcurso dun procedemento sancionador en materia de dopaxe, o órgano competente para coñecer deste seguirá mantendo a súa competencia para o levar a termo. Se a retirada se produce antes do inicio dun procedemento sancionador en materia de dopaxe, coñecerá dese procedemento sancionador o órgano competente no momento de comisión da presunta infracción das normas antidopaxe.

Artigo 38. *Perda da efectividade dos dereitos da licenza.*

A constatación dun resultado analítico adverso na análise dunha mostra A cando se detecte unha substancia prohibida que non teña a consideración de «substancia específica» de acordo co disposto na lista de substancias e métodos prohibidos producirá de forma inmediata a imposibilidade do exercicio dos dereitos derivados da licenza deportiva.

Tal medida comunicárase conxuntamente coa resolución de incoación do procedemento sancionador en materia de dopaxe. O afectado poderá formular alegacións con relación á medida adoptada e para os efectos da reconsideración da medida.

En calquera outro procedemento sancionador en materia de dopaxe que se encontre en curso, o órgano competente para resolver poderá adoptar, en calquera momento, mediante acordo motivado e respectando os principios de audiencia e proporcionalidade, as medidas de carácter provisional, incluso a suspensión provisional da licenza federativa, que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer. A medida consistente na suspensión provisional da licenza federativa poderase adoptar, exclusivamente, naqueles casos en que o obxecto do procedemento estea constituído por feitos tipificados como infracción moi grave.

A suspensión provisional da licenza adoptada conforme o sinalado nos números anteriores entenderase automaticamente levantada se o órgano competente para impor a sanción non resolveu o procedemento no prazo de tres meses contado desde a súa incoación, a menos que o atraso se ocasionase por causas imputables ao afectado polo procedemento sancionador.

Artigo 39. *Procedemento disciplinario.*

1. O procedemento disciplinario iníciase por resolución da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte como consecuencia da comunicación que faga, de forma directa, o laboratorio de control da dopaxe actuante ou como consecuencia do coñecemento dos feitos ou da recepción das probas que permitan fundar a posible existencia dunha infracción en materia de dopaxe. No caso previsto no artigo 15.5 desta lei, o axente habilitado remitirá sen dilación o documento que acredite a negativa sen xustificación válida a someterse a un control á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. A recepción pola Axencia de tal documento permitirá a iniciación do procedemento disciplinario.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá tramitar dilixencias reservadas previamente ao inicio do procedemento, coa finalidade de determinar se hai indicios suficientes para a súa apertura.

Unha vez recibida a comunicación, procederase á incoación do procedemento disciplinario, sen que as análises e demais elementos da comunicación do laboratorio poidan ser coñecidos por ningún outro órgano distinto do disciplinario.

Os laboratorios adoptarán as medidas necesarias para que esta comunicación se realice en condicións que permitan manter a confidencialidade e a reserva da identidade do deportista.

Unha vez cumprido o prazo de prescrición previsto no artigo 35 desta lei ou cando recaese resolución firme no correspondente procedemento disciplinario ou causa penal, os laboratorios de control da dopaxe non poderán manter mostras vinculadas a unha persoa identificable.

2. O procedemento disciplinario incóase e instrúese de oficio en todos os seus trámites.

Non obstante o anterior, poderán denunciarse ante a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte aqueles feitos que proporcionen indicios da comisión de presuntas condutas ou prácticas de dopaxe. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte establecerá un procedemento para manter en secreto a identidade do denunciante fronte a todos cantos interveñan nos procedementos disciplinarios e nas actuacións previas a eles. O denunciante non será considerado parte no procedemento sancionador.

Toda autoridade ou funcionario público que teña constancia da posible existencia dunha infracción administrativa en materia de dopaxe deberao pór sen dilación en coñecemento da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.

3. A tramitación destes procedementos terá carácter de preferente, co fin de cumprir os prazos establecidos nesta lei.

4. No procedemento sancionador en materia de dopaxe, a Administración e a persoa afectada por aquel poderán servirse de todos os medios de proba admisibles en dereito, incluído o pasaporte biolóxico se existen datos sobre este. Estas probas deberanse valorar de modo conxunto de acordo coas regras da crítica sa.

5. Malia o disposto no número anterior serán de inescusable aplicación as seguintes regras especiais de proba:

a) Un resultado analítico adverso nun control de dopaxe constituirá proba de cargo ou suficiente para os efectos de considerar existentes as infraccións tipificadas no artigo 22.1.a) e b) desta lei. Para estes efectos considerárase proba suficiente a concorrencia de calquera das circunstancias seguintes: que na análise da mostra A do deportista se detecte a presenza dunha substancia prohibida ou dos seus metabolitos ou marcadores, se o deportista renuncia á análise da mostra B e esta non se analiza; que a análise da mostra B confirme a presenza da substancia prohibida ou dos seus metabolitos ou marcadores detectados na análise da mostra A do deportista.

b) En caso de negativa ou resistencia a someterse aos controis, o documento que acredite a negativa subscrito polo persoal habilitado a que se refire o artigo 15.5 da presente lei terá valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poden sinalar ou achegar os propios interesados para os efectos de acreditar que existía xustificación válida.

c) Presúmese que os laboratorios de control de dopaxe acreditados pola Axencia Mundial Antidopaxe realizan as análises de mostra e aplican os procedementos de custodia conforme a normativa aplicable, salvo proba en contrario que acredite que o incumprimento de tales normas podería ser a causa razoable do resultado analítico adverso. O deportista ou outra persoa pode demostrar que o laboratorio contraveu a regulación aplicable e que esta circunstancia podería razoablemente ter causado o resultado analítico adverso que deu lugar á incoación do procedemento, caso en que o órgano competente terá a carga de demostrar que esa contravención da normativa aplicable non deu lugar ao resultado analítico adverso.

d) Calquera contravención dunha norma aplicable nos procedementos de control da dopaxe que non sexa causa directa dun resultado analítico adverso ou doutra infracción non determinará a invalidez do resultado. En caso de que o deportista ou outra persoa probe que a contravención con respecto á normativa aplicable podería ter sido causa do resultado analítico adverso ou da infracción, o órgano competente deberá acreditar que aquela non foi a causa do resultado analítico adverso.

e) O presunto infractor poderá refutar todos os feitos e presuncións que o prexudiquen, incluídos os mencionados na letra a) do punto quinto deste artigo e probar os feitos e circunstancias necesarios para a súa defensa.

6. O procedemento disciplinario en materia de dopaxe deberá concluír no prazo máximo de seis meses contado desde a adopción do acordo de incoación do procedemento. O vencemento do prazo establecido no parágrafo anterior sen que se notificase resolución expresa producirá a caducidade do procedemento. A declaración de caducidade poderase ditar de oficio ou por instancia do interesado e implicará o arquivo das actuacións. Sen prexuízo do anterior, non impedirá iniciar un novo procedemento sancionador dentro do prazo legal de prescrición.

7. O procedemento disciplinario en materia de dopaxe terminará mediante resolución ou por caducidade. A resolución do procedemento non pon fin á vía administrativa; é susceptible de revisión de acordo co establecido no artigo 40 da presente lei.

8. As sancións impostas polos órganos disciplinarios competentes son inmediatamente executivas desde a data en que se notifique a resolución sancionadora, salvo que o órgano que deba coñecer dos recursos contra esa resolución acorde a súa suspensión. As suspensións das licenzas cobrarán efecto polo mero feito da súa notificación en forma ao suxeito afectado, sen necesidade de actos concretos de execución. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte deberá notificar as resolucións sancionadoras nun prazo de 15 días. O atraso na notificación non afectará a validez da resolución ditada. No caso de que unha sanción de inhabilitación chegue a prescribir nos casos do artigo 35, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte procederá disciplinariamente contra os responsables desa falta de notificación.

Malia isto, estas resolucións sancionadoras serán notificadas á Axencia Mundial Antidopaxe, ás federacións internacionais e nacionais e demais entidades mencionadas no artigo 40.4 desta lei.

Sen prexuízo do anterior, se o suxeito afectado admite os feitos constitutivos de infracción desde o momento da comunicación da resolución de incoación polo órgano competente e, en todo caso, antes de volver competir, o cómputo do período de suspensión poderá comezar desde a data do control de dopaxe ou de produción dos feitos, ben que en todo caso, polo menos a metade do período de suspensión deberá cumprirse desde a data da resolución do procedemento pola cal se impón a sanción.

En caso de que se adopte a suspensión provisional prevista no artigo 38 desta lei, a súa duración deducirase do prazo total de suspensión finalmente imposto, sempre e cando se respecte tal suspensión. Non terá ningún efecto sobre o prazo final que se debe cumprir o feito de que o deportista ou outra persoa deixasen voluntariamente de competir ou fosen suspendidos polo seu propio equipo.

En caso de que se produza unha demora relevante no procedemento non imputable ao deportista ou outra persoa, o órgano competente poderá ordenar motivadamente que o período de suspensión se compute desde unha data anterior, incluída a data do control de dopaxe ou de comisión da infracción.

9. As resolucións que impoñan sancións pola comisión de infraccións moi graves das previstas no artigo 22 desta lei serán obxecto de publicación por parte do órgano que as ditase. Para esa publicación utilizaranse de maneira preferente medios telemáticos.

A publicación referirase a sancións firmes e unicamente conterá os datos relativos ao infractor, especialidade deportiva, precepto vulnerado e sanción imposta. Non conterá datos sobre o método ou substancia empregada salvo que resulte completamente imprescindible.

Esta publicación non se poderá manter despois da finalización do prazo de duración da sanción.

Sección 3.ª Da revisión de sancións en materia de dopaxe

Artigo 40. *Do recurso administrativo especial en materia de dopaxe no deporte.*

1. Poderase recorrer ante o Tribunal Administrativo do Deporte contra as resolucións adoptadas conforme a presente lei pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, ou contra os actos de trámite que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, ou causen indefensión ou prexuízo irreparable para os dereitos e intereses lexítimos dos afectados.

En todo caso, poderase recorrer contra as seguintes resolucións:

- a) As que determinen a comisión de infraccións antidopaxe, xa impoñan unha sanción ou resulten absolutorias.
- b) As que arquiven calquera procedemento seguido por infracción das normas previstas na presente lei, ben por motivos formais ben por causas de fondo, determinando a non continuación do procedemento.
- c) As que declaren o quebrantamento dunha sanción, incluíndo o incumprimento da prohibición de participación durante a suspensión.
- d) As que fixen a incompetencia do órgano que as dita.
- e) As que impoñan unha suspensión provisional.
- f) As que conteñan a denegación das autorizacións de uso terapéutico adoptadas conforme a presente lei.

2. De conformidade co disposto no artigo 37.1, poderase recorrer, ante o órgano e consonte o sistema de resolución de conflitos previsto na normativa da federación internacional correspondente, contra as resolucións ditadas en relación con deportistas que, por seren cualificados oficialmente como de nivel internacional, non estean incluídos no ámbito de aplicación desta lei ou contra as que se diten no marco dunha competición internacional.

3. O prazo para interpor o recurso será de trinta días, contado desde o seguinte ao da notificación da resolución. Transcorrido este prazo, a resolución será firme.

4. Terán lexitimación para recorrer as persoas físicas ou xurídicas afectadas pola resolución ditada e, en todo caso:

- a) O deportista ou suxeito afectado pola resolución.
- b) A eventual parte contraria na resolución ou os prexudicados pola decisión.
- c) A federación deportiva internacional correspondente.
- d) O organismo antidopaxe do país de residencia do suxeito afectado.
- e) A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.
- f) A Axencia Mundial Antidopaxe.
- g) O Comité Olímpico Internacional ou o Comité Paralímpico Internacional cando a resolución afecte os Xogos Olímpicos ou Xogos Paralímpicos.

5. O recurso especial en materia de dopaxe no deporte tramitarase conforme as regras establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para o recurso de alzada coas seguintes especialidades:

- a) O prazo máximo de resolución e notificación da resolución será de tres meses, contado desde a data en que o escrito de iniciación teña entrada no rexistro do Tribunal Administrativo do Deporte. Tales resolucións deberán ser comunicadas polo Tribunal Administrativo do Deporte, en todo caso, á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e á Axencia Mundial Antidopaxe.
- b) Transcorrido este prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimado o recurso.
- c) As resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte nesta materia son inmediatamente executivas, esgotan a vía administrativa e contra elas as persoas

lexitimadas mencionadas no punto cuarto deste artigo poderán interpor recurso contencioso-administrativo.

CAPÍTULO III

Protección da saúde

Sección 1.^a A planificación da protección da saúde

Artigo 41. *Actuación da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte establecerá unha política efectiva de protección da saúde dos deportistas e das persoas que realizan actividade deportiva.

Esta política plasmarase nun plan de apoio á saúde no ámbito da actividade deportiva que determine os riscos comúns e específicos, en especial atendendo ás diferentes necesidades de mulleres, homes e menores de idade, así como ás necesidades específicas por razón de discapacidade e as medidas de prevención, conservación e recuperación que poidan resultar necesarias en función dos riscos detectados.

2. Este plan incluírá necesariamente un conxunto de instrumentos didácticos para orientar e formar os propios deportistas nos hábitos e formas saudables da práctica deportiva, así como os directivos, técnicos e adestradores e persoal sanitario que realice o seu labor na actividade deportiva de calquera categoría.

3. As actuacións a que se refiren os números anteriores coidarán de garantir particularmente a súa efectividade nas competicións deportivas de ámbito estatal nas cales participen grupos especiais de risco, como menores de idade ou persoas con discapacidade. Para tal fin, promoveranse instrumentos de cooperación e coordinación coas comunidades autónomas e coas entidades locais implicadas.

Artigo 42. *Medios persoais e materiais.*

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, en colaboración coas comunidades autónomas e as entidades locais, definirá os elementos, medios, material e persoal necesario para contribuír a unha práctica deportiva máis segura en todas as instalacións deportivas, en función das súas respectivas características.

Artigo 43. *Medidas de carácter específico.*

1. No marco do plan establecido no artigo 41 corresponde á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a realización, entre outras que poidan ser necesarias, das seguintes actividades:

a) Propor criterios e regras técnicas para que as competicións e probas de modalidades deportivas se configuren de modo que non afecten nin a saúde nin a integridade dos deportistas.

b) Realizar propostas sobre a asistencia sanitaria que se lles dispensará aos deportistas e sobre os dispositivos mínimos de asistencia sanitaria que deben existir nas competicións deportivas.

c) Realizar propostas sobre o tratamento da saúde dos deportistas e os sistemas da súa cobertura.

2. Cando a competencia para a realización das medidas anteriores corresponda ás comunidades autónomas, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte actuará coordinadamente con estas e a través dos mecanismos de cooperación que se determinen.

Artigo 44. Investigación.

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, en colaboración co Sistema Nacional de Saúde e no marco dos plans estatais de investigación, promoverá a investigación científica asociada á práctica deportiva, á aplicación da actividade deportiva no tratamento e prevención de enfermidades e á loita contra a dopaxe, atendendo ás diferentes necesidades de mulleres, homes e menores de idade, así como ás necesidades específicas por razón de discapacidade.

2. Para a mellor consecución dos fins de investigación, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte promoverá a adhesión voluntaria das sociedades científicas e dos centros e profesionais que se dediquen á medicina deportiva, co obxecto de constituír unha rede de centros especializados na materia, mediante a subscripción dos correspondentes convenios de colaboración.

3. A información que acheguen cantos compoñan a rede utilizarase para a reconfiguración e actualización do plan de apoio á saúde, con pleno respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 45. Currículos formativos.

Nos programas formativos dos técnicos deportivos e demais titulacións relacionadas coa saúde no deporte incluíranse determinacións específicas para asegurar que os docentes teñan os coñecementos necesarios no plano da fisioloxía, da hixiene, da biomecánica, da nutrición e das demais áreas que teñan relación con ela, incluída a aplicación da actividade física para o tratamento e prevención de enfermidades, con especial referencia ás necesidades específicas de mulleres, homes e menores de idade, así como por razón de discapacidade.

*Sección 2.^a Medidas específicas mínimas**Artigo 46. Dos recoñecementos médicos.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte determinará progresivamente a obriga de efectuar recoñecementos médicos con carácter previo á expedición da correspondente licenza federativa, naqueles deportes en que se considere necesario para unha mellor prevención dos riscos para a saúde dos seus practicantes.

2. Mediante a realización destes recoñecementos médicos preténdese protexer a saúde do deportista en relación coa actividade deportiva. No deseño dos recoñecementos e na aplicación a cada modalidade deportiva teranse en conta:

- a) As características da modalidade deportiva que vaia practicar.
- b) O esforzo e demais condicións físicas que exixa a práctica da modalidade deportiva correspondente.
- c) As condicións ambientais en que se practique.
- d) As necesidades específicas de mulleres e homes, dos menores de idade e de persoas con discapacidade.

3. A obriga prevista neste artigo e as modalidades e alcance dos recoñecementos determinaranse regulamentariamente.

Artigo 47. Dos recoñecementos e seguimentos de saúde aos deportistas de alto nivel.

Sen prexuízo do disposto no artigo 43, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte establecerá un sistema de seguimento da saúde dos deportistas de alto nivel que contribúa a asegurar convenientemente os riscos da súa práctica deportiva e a previr accidentes e enfermidades relacionados con ela.

Esta actuación constituirá unha prioridade dos medios da medicina deportiva da Administración xeral do Estado.

Artigo 48. *Dos seguimentos e da protección da saúde dos deportistas profesionais.*

1. No marco da acción protectora do sistema da Seguridade Social, as actividades de protección que a Lei xeral da Seguridade Social, aprobada polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, confire ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, cando a esas entidades lles poida corresponder a cobertura de deportistas profesionais, deberán incluír o desenvolvemento de programas específicos orientados a protexer a saúde e prever os riscos de accidentes de natureza laboral a que este colectivo poida estar exposto, así como a realización de actuacións puntuais dirixidas á recuperación daquelas lesións ou patoloxías que poidan derivar da propia practica deportiva.

2. Para tales efectos, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte facilitará ás referidas entidades os criterios, estudos, estatísticas e, en xeral, canta información teña, para contribuír con iso ao logro dunha protección máis eficaz e máis especializada de tales deportistas.

Artigo 49. *Tarxeta de saúde do deportista.*

1. A tarxeta de saúde do deportista é un documento que expide a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a aqueles que teñen especificamente recoñecida a condición de deportista de alto nivel ou son contractualmente recoñecidos como deportistas profesionais, así como ao resto de deportistas federados no marco dos convenios específicos que para tal efecto se realicen por parte das federacións deportivas españolas.

2. A tarxeta de saúde ten como finalidade dispor da mellor información posible por parte do deportista e do persoal sanitario que o atenda no momento de decidir o tratamento aplicable ante unha doenza. O acceso á información contida nela quedará limitado ao deportista e ao persoal sanitario que o atenda.

3. O contido e a información que se inclúa na tarxeta de saúde determinarase regulamentariamente logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos.

Artigo 50. *Da protección da saúde cando se finaliza a actividade deportiva.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, en colaboración co Sistema Nacional de Saúde, establecerá un programa específico para a protección de saúde e a recuperación ou tratamento dos deportistas que conclúsen a súa actividade deportiva e que presenten secuelas como consecuencia dela.

2. Os termos deste programa determinarase regulamentariamente e no seu establecemento fomentarse a participación voluntaria dos centros que compoñen a rede a que se refire o artigo 44.2, das asociacións de deportistas, das federacións deportivas, mutualidades e das demais entidades públicas ou privadas que teñan interese en colaborar.

Sección 3.^a Das medidas de saúde ligadas á prevención da dopaxe no deporte

Artigo 51. *Seguimentos de saúde.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá establecer programas específicos de seguimento dos parámetros biolóxicos para controlar a práctica deportiva en condicións seguras e sen prácticas de dopaxe ou aumento artificial das propias capacidades.

2. Estes controis centraranse, especialmente, nos deportistas de maior risco segundo determine o plan de apoio á saúde e nos de maior nivel deportivo.

Os resultados destes seguimentos serán estritamente confidenciais e deles unicamente recibirá información o deportista en cuestión.

CAPÍTULO IV

Do tratamento de datos relativos á dopaxe*Artigo 52. Da responsabilidade dos empregados públicos.*

1. O persoal que desempeñe as funcións de control da dopaxe deberá gardar a confidencialidade e o segredo respecto dos asuntos que coñeza por razón do seu traballo.

2. Os datos, informes ou antecedentes obtidos no desenvolvemento das súas funcións só se poderán utilizar para os fins de control da dopaxe e, de ser o caso, para a denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa ou de delito. Tamén poderán ser utilizados para estudos científicos, sempre que non se revele a identidade das persoas.

3. Con independencia da responsabilidade que proceda, de acordo coa lexislación especificamente aplicable, en particular, en materia de protección de datos de carácter persoal, as infraccións na custodia e, de ser o caso, a difusión dos datos relativos aos controis e procedementos en materia de dopaxe teñen a consideración de infracción moi grave para os efectos da lexislación de empregados públicos.

Así mesmo, esas condutas terán a consideración de incumprimento contractual a que se refire o artigo 54.2.d) do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores respecto do persoal laboral ao servizo das administracións públicas e, en todo caso, terán a consideración de falta moi grave para os efectos de réxime disciplinario previsto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, ou na norma convencional que resulte de aplicación.

4. A determinación destas responsabilidades corresponde aos órganos disciplinarios competentes en materia de función pública.

Artigo 53. Da responsabilidade dos dirixentes, do persoal de entidades deportivas e doutras persoas.

1. Os datos, informes ou antecedentes obtidos no desenvolvemento das súas funcións polos dirixentes e polo resto do persoal de entidades deportivas só se poderán utilizar para os fins do control e, de ser o caso, para a denuncia de feitos que poidan ser constitutivos de infracción administrativa ou de delito.

2. Sen prexuízo das responsabilidades que procedan, de acordo coa lexislación específica, as infraccións a que se refire o número anterior terán a consideración de moi grave de entre as previstas no artigo 76.2 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.

3. As infraccións que se poidan cometer nesta materia serán sancionadas, por instancia da Presidencia do Consello Superior de Deportes, polo Tribunal Administrativo do Deporte.

4. As persoas que participen nos controis de dopaxe que non estean mencionados nos números anteriores deste artigo, ou no artigo anterior, terán a mesma obriga de sigilo e segredo respecto dos datos ou informacións que coñezan no exercicio das súas funcións. A infracción desta obriga será sancionada, por instancia do Consello Superior de Deportes, polo Tribunal Administrativo do Deporte e será comunicada aos respectivos colexios profesionais para os efectos disciplinarios oportunos, sen que en ningún caso se poidan sancionar disciplinariamente os feitos que fosen sancionados administrativamente, nos casos en que se aprecie identidade do suxeito, feito e fundamento.

Artigo 54. Autorización de cesión de datos.

Os datos e ficheiros relativos aos controis de dopaxe poderán ser cedidos, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aos organismos internacionais públicos ou privados dos cales España sexa parte e que participen na loita contra a dopaxe no ámbito deportivo, no marco do que dispoñan

os compromisos internacionais legalmente vinculantes asumidos por España, ou para realizar estatísticas ou estudos de investigación.

TÍTULO III

Políticas públicas de control e supervisión xeral dos produtos que se poden utilizar para a dopaxe na actividade deportiva

CAPÍTULO I

Medidas de control e supervisión de produtos, medicamentos e complementos nutricionais

Artigo 55. Obriga de declaración dos produtos susceptibles de produciren dopaxe no deporte.

1. Os equipos e clubs que participen en competicións no ámbito de aplicación da presente lei están obrigados a levar un libro de rexistro, nos termos que regulamentariamente se determine, en que quede constancia fidedigna e puntual dos produtos que se lles dispensaron ou receitaron aos deportistas, do médico que ordena ou autoriza tal utilización, do período e da forma de prescripción.

2. Os deportistas, equipos ou grupos deportivos e os directivos estranxeiros que os representen están obrigados, cando entren en España para participar nunha actividade ou competición deportiva, a remitir á Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, debidamente cubertos, os formularios que esta estableza en que se identifiquen os produtos que transportan para o seu uso, as unidades destes e o médico responsable da súa administración.

Cando a actividade ou competición deportiva sexa organizada por federacións deportivas autonómicas, corresponderá á comunidade autónoma respectiva a facultade para establecer este tipo de obrigas e o seu alcance.

Artigo 56. Información sobre a comercialización de determinados produtos.

A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte poderá solicitar a colaboración da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios para que se adopten as medidas necesarias para coñecer, en todo o ciclo produtivo e de distribución e comercialización, aqueles produtos susceptibles de produciren dopaxe no ámbito do deporte, por considerar que as súas circunstancias intrínsecas e a súa potencial afección á saúde pública deban ser obxecto dun especial seguimento para facilitar o réxime de control que se prevé nesta lei.

Excepcionalmente, poderá solicitar a mesma colaboración da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición.

As medidas de execución, control e sanción levaranse a cabo mediante sistemas de cooperación entre a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e os órganos competentes da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas, de acordo co marco competencial establecido na normativa vixente.

Artigo 57. Potestade de inspección.

As Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, os servizos de Inspección Sanitaria do Estado así como os órganos das comunidades autónomas que teñan atribuída a competencia, pola súa propia iniciativa ou por instancia da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, poderán inspeccionar as caixas de medicamentos e demais instrumentos que permitan custodiar ou albergar os produtos e substancias susceptibles de daren un resultado analítico adverso nun control de dopaxe, sen prexuízo do disposto no punto sexto do artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, nos casos en que sexa aplicable.

Para os efectos do exercicio da potestade sancionadora pola Administración, terase en conta o tipo de substancias, o número de unidades, a xustificación terapéutica, así como o resto de cuestións directamente vinculadas ao seu exercicio profesional.

Regulamentariamente establecerase o contido admisible das caixas de urxencias e, especificamente, daqueles medicamentos e produtos sanitarios que resultan necesarios para atender as continxencias derivadas de calquera urxencia médica.

Dos resultados dos controis alfandagueiros sobre caixas de medicamentos e demais instrumentos previstos no parágrafo primeiro que realice a Axencia Estatal de Administración Tributaria no desenvolvemento das súas funcións informárase o órgano competente nos termos que regulamentariamente se establezan.

Artigo 58. *Comiso.*

As substancias e produtos susceptibles de produciren dopaxe no deporte ou na actividade deportiva e os instrumentos ou útiles empregados para tal fin poderán ser obxecto de comiso polas autoridades administrativas que inicien os correspondentes procedementos sancionadores, como medida cautelar dentro deles ou previa a aqueles. Neste segundo suposto, o órgano instrutor deberá ratificar esta medida no curso da tramitación do expediente. Cando se impoñan as correspondentes sancións, esta medida poderase converter en definitiva. Os elementos comisados poderán ser destinados pola Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte a fins de investigación.

CAPÍTULO II

Das condicións de utilización dos produtos susceptibles de produciren dopaxe na actividade deportiva

Artigo 59. *Comercialización e utilización de produtos alimenticios.*

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade establecerá, de común acordo coa Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, e de acordo coas comunidades autónomas, mecanismos de información e de publicidade específicos dos produtos alimenticios que, sen seren medicamentos, poidan producir no ámbito do deporte un resultado analítico adverso de dopaxe.

Especificamente, as autoridades administrativas españolas establecerán os procedementos adecuados para a declaración dos produtos alimenticios que se introduzan en España e que se poidan entender incluídos no ámbito desta lei.

Artigo 60. *Prohibicións específicas á comercialización, en establecementos dedicados a actividades deportivas, de determinados produtos que conteñan substancias prohibidas no deporte por seren susceptibles de producir dopaxe.*

1. Para efectos da presente lei queda prohibido o depósito, a comercialización ou a distribución, baixo calquera modalidade, en establecementos dedicados a actividades deportivas, daqueles produtos que conteñan substancias prohibidas no deporte por seren susceptibles de producir dopaxe, declaradas como tales de conformidade con esta lei.

2. Igualmente prohibese incitar ao consumo dos produtos determinados no número anterior nos lugares a que este se refire.

Artigo 61. *Publicidade e venda a través de sistemas electrónicos.*

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte establecerá un programa específico de loita contra a publicidade enganosa nesta materia e, en xeral, contra aquelas condutas publicitarias que inciten ao seu consumo.

2. Especificamente e en coordinación cos órganos competentes da Administración xeral do Estado establecerase un programa de control da venda e comercialización destes produtos pola internet e outros medios de venda electrónica.

Artigo 62. Sancións á participación de profesionais sanitarios e calquera outro en actividades de dopaxe no deporte.

Sen prexuízo do disposto no artigo 26 desta lei para quen teña licenza deportiva, os profesionais sanitarios e calquera outro profesional que fabriquen, preparen, faciliten, colaboren, prescriban ou dispensen substancias e produtos susceptibles de produciren dopaxe no ámbito da actividade deportiva a que se refire esta lei, ou propicien a utilización de métodos non regulamentarios ou prohibidos no deporte, sen cumprir coas formalidades prescritas nas súas respectivas normas de actuación e nesta lei, incorrerán en responsabilidade disciplinaria. As condutas descritas anteriormente son constitutivas de infracción moi grave e serán sancionadas de acordo coas respectivas normas dos seus colexios profesionais.

As persoas así sancionadas non poderán exercer cargos deportivos ou médicos en calquera entidade relacionada co deporte, obter licenza deportiva ou habilitación equivalente, nin exercer os dereitos derivados da licenza deportiva por un período coincidente coa duración da sanción de inhabilitación que lles correspondería de ter sido titulares da licenza federativa.

Artigo 63. Sistema de información.

1. A Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte e as comunidades autónomas crearán, no marco do órgano de cooperación correspondente, un sistema de información acerca da protección da saúde e contra a dopaxe no ámbito do deporte, que garanta a dispoñibilidade da información e a comunicación recíprocas entre as administracións públicas con competencias en materia de deporte e actividade física. No seo deste órgano acordaranse os obxectivos e contidos da información.

2. O sistema de información permitirá coñecer as substancias susceptibles de produciren dopaxe e os métodos prohibidos no deporte, os datos dos expedientes disciplinarios incoados e sancionados, con indicación das substancias detectadas e das análises realizadas nos distintos laboratorios e incorporará, como datos básicos, os relativos a poboación deportiva, recursos humanos e materiais, actividade desenvolvida, farmacia e produtos sanitarios, financiamento e resultados obtidos, así como as expectativas e opinión dos deportistas, todo iso desde unha concepción integral da loita contra a dopaxe no deporte.

Así mesmo, permitirá coñecer os controis e demais probas realizadas ao abeiro da protección da saúde do deportista e incorporará un rexistro específico en que se inclúan as sancións na materia de todas as administracións públicas.

O sistema incluirá a variable de sexo nas estatísticas, enquisas e tomas de datos que se leven a cabo na poboación deportiva, e realizará unha análise diferenciada das expectativas e opinións das mulleres e homes, introducindo indicadores de xénero.

3. Dentro do sistema de información, e oída a Axencia Española de Protección de Datos, establecerase a definición e normalización de datos, a selección de indicadores e os requirimentos técnicos necesarios para a integración da información, co fin de lograr a máxima fiabilidade da información que se produza.

4. O sistema de información estará á disposición dos seus usuarios, que serán as administracións públicas deportivas e sanitarias, os xestores e profesionais do deporte e da sanidade, así como a propia cidadanía, nos termos de acceso e de difusión que se acorden, logo de informe da Axencia Española de Protección de Datos. En todo caso, o sistema deberá facilitar a información en formatos adecuados, seguindo o principio de deseño para todas as persoas, de maneira que resulten accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade.

O acceso aos datos dos expedientes disciplinarios incoados e sancionados, con indicación das substancias detectadas e das análises realizadas nos distintos laboratorios, quedará sempre limitado aos órganos competentes en relación con tales expedientes. O acceso por outras organizacións, persoas ou entidades a eses datos deberá ir sempre

precedido da disociación dos datos de carácter persoal para cantos interveñan no expediente.

5. As comunidades autónomas, a Administración xeral do Estado e as entidades locais proporcionarán a este sistema de información os datos necesarios para o seu mantemento e desenvolvemento. Do mesmo modo, a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas teñen dereito a acceder aos datos que formen parte do sistema de información, así como a dispor deles, na medida en que estritamente o precisen para o exercicio das súas competencias.

6. O tratamento e a cesión de datos, incluídos aqueles de carácter persoal necesarios para o sistema de información, estarán suxeitos á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional primeira. *Organización nacional antidopaxe.*

Para os efectos previstos no Código Mundial Antidopaxe e na normativa interna da Axencia Mundial Antidopaxe, a Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte terá a consideración de organización nacional antidopaxe e exercerá as competencias que lle correspondan naquel ámbito.

Disposición adicional segunda. *Adaptación de estatutos e regulamentos federativos.*

Para os efectos previstos nesta lei e especialmente no previsto no seu título II, as federacións deportivas españolas procederán, no prazo máximo de seis meses contado desde a data de entrada en vigor da presente lei, á adaptación e modificación dos seus estatutos e regulamentos.

Disposición adicional terceira. *Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte.*

A partir da entrada en vigor desta lei, a Axencia Estatal Antidopaxe pasará a denominarse Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte. Esta entidade terá a consideración de axente de financiamento e de execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Investigación para os efectos do artigo 3 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, de acordo coas funcións que ten atribuídas nos artigos 7.1 e 44 da presente lei.

Disposición adicional cuarta. *Órganos suprimidos e referencias a eles.*

1. Quedan suprimidos o Comité Español de Disciplina Deportiva e a Xunta de Garantías Electorais.

2. Todas as referencias contidas na Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, ou noutras normas ao Comité Español de Disciplina Deportiva e á Xunta de Garantías Electorais entenderanse feitas ao novo Tribunal Administrativo do Deporte.

3. Todas as funcións e todos os medios materiais e persoais que actualmente corresponden ao Comité Español de Disciplina Deportiva e á Xunta de Garantías Electorais pasarán a lle corresponder ao Tribunal Administrativo do Deporte.

Disposición transitoria primeira. *Infraccións cometidas antes da entrada en vigor da lei e procedementos disciplinarios en curso.*

As infraccións en materia de dopaxe que se cometesen antes da entrada en vigor desta lei rexeranse polo disposto na normativa anterior. As que se cometan a partir do día da súa entrada en vigor rexeranse pola presente lei.

Os procedementos disciplinarios en materia de represión da dopaxe no deporte, que fosen iniciados antes da entrada en vigor desta lei, rexeranse pola normativa anterior, salvo que o interesado opte voluntariamente pola aplicación da presente lei.

Disposición transitoria segunda. *Habilitacións para os controis de dopaxe.*

As habilitacións concedidas ao abeiro da normativa anterior continuarán vixentes, unha vez producida a entrada en vigor desta lei, ata que proceda a súa renovación, que se axustará ao disposto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria terceira.

O Comité Español de Disciplina Deportiva e a Xunta de Garantías Electorais continuarán exercendo as súas funcións ata a entrada en vigor das disposicións regulamentarias reguladoras do Tribunal Administrativo do Deporte.

Disposición derogatoria única.

1. Queda derogada a Lei orgánica 7/2006, do 21 de novembro, de protección da saúde e loita contra a dopaxe no deporte; así como o artigo 24 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá, en canto á referencia que facía ás letras p) e q) do artigo 23 desa lei orgánica; e todos os preceptos de normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta lei.

2. Así mesmo, quedan derogadas as letras p) e q) do artigo 23 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Sen prexuízo da competencia do Estado para regular as facetas que inciden na esfera de intereses do deporte federado español no seu conxunto, así como para ditar aqueles preceptos relativos á súa propia organización, tal e como se prevé no artigo 149.1.18 da Constitución en materia de bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.16 da Constitución, en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación sobre produtos farmacéuticos, a excepción dos seguintes preceptos:

a) O artigo 44, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.15 da Constitución, que se refire á competencia exclusiva do Estado sobre o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica.

b) O artigo 45, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.30 da Constitución, que se refire á competencia exclusiva do Estado sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

c) O artigo 48.2, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.31 da Constitución, que se refire á competencia exclusiva do Estado sobre estatística para fins estatais.

d) O artigo 52, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.7 e 18 da Constitución, no que se refiren respectivamente ao réxime laboral dos empregados públicos e ao réxime estatutario dos funcionarios públicos.

e) Os artigos 57, 58 e 60, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.29 da Constitución, que se refire á competencia exclusiva do Estado sobre seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Natureza da presente lei.*

Esta lei ten o carácter de lei orgánica, a excepción dos seguintes preceptos e disposicións:

Artigos 1 ao 9, ambos inclusive, con excepción dos artigos 2 e 4, número 2, que si teñen carácter orgánico.

Artigo 15, números 4 e 5, excepto os números 1 a 3, que teñen carácter orgánico.

Artigos 16 e 17.

Artigo 18, excepto o punto primeiro, que ten carácter orgánico.

Artigos 19 ao 40, excepto o artigo 32 e o artigo 33, que si teñen carácter orgánico.

Artigos 41 ao 50 e artigos 52 e 53.

Artigos 55 a 62, excepto os parágrafos 1.º e 2.º do artigo 57, que si teñen carácter orgánico.

As disposicións adicionais primeira, segunda, terceira e cuarta.

As disposicións transitorias primeira, segunda e terceira.

A disposición derogatoria, punto 2.

As disposicións derradeiras primeira, terceira, cuarta, quinta e sexta.

Os anexos I e II.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación normativa.*

1. Habilítase o Goberno para ditar as disposicións de desenvolvemento da presente lei.

2. No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o novo Estatuto da Axencia Española de Protección da Saúde no Deporte, adecuándoo a ela.

Esta nova normativa deberá recoller igualmente a modificación da estrutura orgánica e as funcións do Consello Superior de Deportes, para adaptalo ao previsto na presente lei.

3. Habilítase o Goberno para aprobar cantas normas sexan precisas para garantir a eficacia das previsións da presente lei.

4. No prazo de seis meses contado desde a entrada en vigor da presente lei, o Goberno deberá presentar un proxecto de lei de loita contra a dopaxe animal.

5. O anexo I e o cadro ilustrativo contido no anexo II da presente lei poderán ser modificados mediante orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes en caso de cambio no contido do Código Mundial Antidopaxe.

6. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor da presente lei, o Goberno desenvolverá regulamentariamente a composición, a organización e as funcións do Tribunal Administrativo do Deporte.

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte.*

O artigo 84 da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 84. *Creación do Tribunal Administrativo do Deporte.*

1. O Tribunal Administrativo do Deporte é un órgano de ámbito estatal, adscrito organicamente ao Consello Superior de Deportes que, actuando con independencia deste, asume as seguintes funcións:

a) Decidir, en vía administrativa e en última instancia, as cuestións disciplinarias deportivas da súa competencia, incluídas as sinaladas na Lei orgánica de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva.

b) Tramitar e resolver expedientes disciplinarios por instancia do Consello Superior de Deportes e da súa Comisión Directiva, nos supostos específicos a que se refire o artigo 76 da Lei do deporte.

c) Velar, de forma inmediata e en última instancia administrativa, polo axuste a dereito dos procesos electorais nos órganos de goberno das federacións deportivas españolas.

d) Calquera outra que se lle atribúa na súa normativa reguladora.

2. A súa composición, organización e funcións desenvolveranse regulamentariamente, baixo os criterios de maior simplificación e redución do gasto posible. En todo caso, na súa composición garantirase o cumprimento do principio

de presenza equilibrada de mulleres e homes, salvo por razóns obxectivamente fundadas, debidamente motivadas.

3. O procedemento de tramitación e resolución dos expedientes de que coñeza o Tribunal Administrativo do Deporte axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo as consecuencias derivadas da violación das regras de xogo ou competición, que se rexerán polas normas deportivas específicas.

4. As resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte esgotan a vía administrativa e executaranse a través da correspondente federación deportiva, que será responsable do seu estrito e efectivo cumprimento.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.*

Engádese un número 5 ao artigo 19 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, que queda redactado nos seguintes termos:

«Terán lexitimación para recorrer ante a orde xurisdicional contencioso-administrativo, contra as resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte que se diten en asuntos de disciplina deportiva en materia de dopaxe, todas as persoas mencionadas no artigo 40.4 da Lei orgánica de protección da saúde do deportista e loita contra a dopaxe na actividade deportiva.»

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 20 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Definicións

1. Acontecemento (deportivo): serie ou parte das competicións que se desenvolven baixo a dirección dun único organismo deportivo que adopta as regras de participación e organización deste.

Polo ámbito territorial en que se desenvolven pódense clasificar en:

– Acontecemento internacional: considérase como tal o organizado baixo a dirección do Comité Olímpico Internacional, o Comité Paralímpico Internacional, unha federación internacional, os organizadores de grandes acontecementos ou outra organización deportiva internacional.

– Acontecemento estatal: considérase como tal aquel acontecemento que, estando incluído nos correspondentes calendarios das federacións deportivas españolas, non teña a condición de acontecemento internacional por participaren nel deportistas de nivel internacional ou cando as federacións internacionais o organicen ou encomenden ou autoricen a súa realización.

2. AMA: a Axencia Mundial Antidopaxe. fundación creada e rexida polo dereito suízo.

3. Axuda substancial: para os efectos do disposto nos artigos 27.3.c) e 36 unha persoa que proporcione axuda substancial deberá: (1) revelar por completo mediante unha declaración escrita e asinada toda a información que posúa en relación coas infraccións das normas antidopaxe, e (2) colaborar plenamente na investigación e nas decisións que se tomen sobre calquera caso relacionado con esa información, o que inclúe, por exemplo, testificar durante unha audiencia se así llo exige unha organización antidopaxe ou tribunal de expertos. Así mesmo, a información facilitada debe ser crible e constituír unha parte importante do caso aberto ou, en caso de non se ter iniciado este, debe ter proporcionado un fundamento suficiente sobre o cal se podería ter tramitado un caso.

4. Código: o Código Mundial Antidopaxe e as definicións que se conteñen no seu anexo para a súa interpretación.

5. Comité Olímpico Nacional: a organización recoñecida polo Comité Olímpico Internacional.

6. Competición: unha proba única, un partido, unha partida ou un concurso deportivo concreto.

7. Control: parte do proceso global de control da dopaxe que comprende a planificación de controis, a recollida de mostras, a manipulación e a análise de mostras e o seu envío ao laboratorio.

8. Control da dopaxe: todos os trámites que van desde a planificación de controis, incluídos todos os pasos de procesos intermedios, como facilitar información sobre localización, a recollida e manipulación de mostras, as análises de laboratorio, as autorizacións de uso terapéutico, a xestión dos resultados e as vistas.

Pola súa forma de realización poden ser:

Por sorpresa: un control de dopaxe que se produce sen aviso previo ao deportista e no cal o deportista é continuamente acompañado desde o momento da notificación ata que facilita a mostra.

Dirixidos ou por citación: selección de deportistas para a realización de controis, conforme a cal se seleccionan deportistas ou grupos de deportistas concretos sen base aleatoria, para realizar os controis nun momento concreto.

9. Convención da Unesco: Convención internacional contra a dopaxe no deporte adoptada durante a 33.^a sesión da Asemblea Xeral da Unesco o 19 de outubro de 2005, que inclúe todas e cada unha das emendas adoptadas polos Estados parte asinantes da

Convención e pola Conferencia das partes signatarias da Convención internacional contra a dopaxe no deporte.

10. Deporte de equipo: deporte que autoriza a substitución de xogadores durante unha competición.

11. Deporte individual: calquera deporte que non sexa de equipo.

12. Deportista: calquera persoa que participe nun deporte no ámbito internacional ou estatal, así como calquera outro competidor no deporte que está suxeito á xurisdición de calquera signatario ou a outra organización deportiva que acepte o Código.

13. Deportista de nivel internacional: considéranse deportista de nivel internacional para os efectos desta lei os deportistas designados por unha ou varias federacións internacionais como integrantes dun grupo de seguimento.

14. Divulgación pública ou comunicación pública: revelar ou difundir información ao público en xeral ou a outras persoas que non sexan as susceptibles de recibir notificación conforme o disposto no artigo.

15. Duración do acontecemento: tempo transcorrido entre o principio e o final dun acontecemento, segundo estableza o organismo responsable dese acontecemento.

En competición: significa que o período comeza desde 12 horas antes de se celebrar unha competición en que o deportista teña previsto participar ata o final desa competición e o proceso de recollida de mostras relacionado con ela.

16. Falsificación: alterar con fins ilexítimos ou dunha maneira ilexítima; exercer unha influencia inadecuada nun resultado; interferir ilexítimamente, obstruír, enganar ou participar en calquera acto fraudulento para alterar os resultados ou para evitar que se produzan os procedementos normais ou proporcionar información fraudulenta a unha organización antidopaxe.

17. Grupo de seguimento: grupo de deportistas de alto nivel identificados por cada federación internacional ou organización nacional antidopaxe, e que están suxeitos á vez a controis en competición e fóra de competición no marco da planificación de controis da federación internacional ou da organización nacional antidopaxe en cuestión. Cada federación internacional deberá publicar unha lista en que figuren os deportistas incluídos no seu grupo de seguimento, xa sexa indicando o seu nome ou establecendo criterios específicos e definidos claramente.

18. Intento: conduta voluntaria que constitúe un paso substancial no curso dunha acción planificada cuxo obxectivo é a comisión dunha infracción de normas antidopaxe.

19. Lista de substancias e métodos prohibidos: a lista que identifica as substancias e os métodos prohibidos.

20. Marcador: un composto, un grupo de compostos ou parámetro(s) biolóxico(s) que indican o uso dunha substancia prohibida ou dun método prohibido.

21. Menor: persoa física que non alcanzou a maioría de idade.

22. Metabolito: calquera substancia producida por un proceso de biotransformación.

23. Método prohibido: calquera método descrito como tal na lista de substancias e métodos prohibidos.

24. Mostra: calquera material biolóxico recollido con fins de control da dopaxe.

25. Organización antidopaxe: un signatario que é responsable da adopción de normas para iniciar, pór en práctica ou exixir o cumprimento de calquera parte do proceso de control antidopaxe. Isto inclúe, por exemplo, o Comité Olímpico Internacional, o Comité Paralímpico Internacional, outras organizacións responsables de grandes acontecementos deportivos que realizan controis en acontecementos dos cales sexan responsables, a AMA, as federacións internacionais e as organizacións nacionais antidopaxe.

26. Organización nacional antidopaxe: a ou as entidades designadas por cada país como autoridade principal responsable da adopción e a posta en práctica de normas antidopaxe, da recollida de mostras, da xestión dos resultados, e da celebración das vistas, no ámbito nacional.

27. Participante: calquera deportista ou persoal de apoio aos deportistas.

28. Persoa: unha persoa física ou unha organización ou outra entidade.

29. Persoal de apoio aos deportistas: calquera adestrador, preparador físico, director deportivo, axente, persoal do equipo, funcionario, persoal médico ou paramédico, pai, nai ou calquera outra persoa que traballe con, trate ou axude deportistas que participen en ou se preparen para competicións deportivas.

30. Posesión: posesión física ou de feito (que só se determinará se a persoa exerce un control exclusivo da substancia ou método prohibidos ou do lugar en que se encontren a substancia ou método prohibidos); porén, dado que se a persoa non exerce un control exclusivo da substancia ou método prohibido ou do lugar en que se encontre a substancia ou método prohibido, a posesión de feito só se apreciará se a persoa tivese coñecemento da presenza da substancia ou método prohibido e tivese a intención de exercer un control sobre el; polo tanto, non poderá haber infracción das normas antidopaxe sobre a base da mera posesión se, antes de recibir calquera notificación que lle comunique unha infracción das normas antidopaxe, a persoa tomou medidas concretas que demostren que xa non ten vontade de posesión e que renunciou a ela declarándoo explicitamente ante unha organización antidopaxe. Sen prexuízo de calquera outra afirmación en contrario recollida nesta definición, a compra (incluso por medios electrónicos ou doutra índole) dunha substancia ou método prohibido constitúe posesión por parte da persoa que realice esa compra.

31. Resultado analítico adverso: un informe por parte dun laboratorio acreditado pola AMA que, de conformidade coa Norma internacional para laboratorios e outros documentos técnicos relacionados, identifique nunha mostra a presenza dunha substancia prohibida ou dos seus metabolitos ou marcadores ou evidencias do uso dun método prohibido.

32. Resultado anómalo: informe emitido por un laboratorio ou outra entidade acreditada pola AMA que require unha investigación máis detallada segundo a Norma internacional para laboratorios ou os documentos técnicos relacionados antes de decidir sobre a existencia dun resultado analítico adverso.

33. Sistema de información establecido pola AMA: trátase dunha ferramenta para a xestión de bases de datos situada nun sitio web para introducir información, almacenala, compartila e elaborar informes co fin de axudar ás partes interesadas e á AMA nas súas actividades contra a dopaxe xunto coa lexislación relativa á protección de datos.

Este sistema leva, na actualidade, o nome de «Anti-Doping Administration and Management System» (ADAMS).

34. Substancias específicas: calquera substancia descrita como tal na lista de substancias e métodos prohibidos.

35. Substancia prohibida: calquera substancia descrita como tal na lista de substancias e métodos prohibidos.

36. Tráfico: venda, entrega, transporte, envío, repartición ou distribución dunha substancia prohibida ou método prohibido (xa sexa fisicamente ou por medios electrónicos ou doutra índole) por parte dun deportista, do persoal de apoio ao deportista ou de calquera outra persoa sometida á xurisdición dunha organización antidopaxe a calquera terceiro; porén, esta definición non inclúe as accións de boa fe que realice o persoal médico en relación cunha substancia prohibida utilizada para propósitos terapéuticos xenuíños e legais ou outra xustificación aceptable, e non incluírá accións relacionadas con substancias prohibidas que non estean prohibidas fóra de competición, a menos que as circunstancias no seu conxunto demostren que a finalidade desas substancias prohibidas non sexa para propósitos terapéuticos xenuíños e legais.

37. Uso: a utilización, aplicación, inxestión, inxección ou consumo por calquera medio dunha substancia prohibida ou dun método prohibido.

ANEXO II

Reincidencia

Infraccións

1.ª infracción	2.ª infracción					
	SR	NLCF	NCS	SE	SA	TRA
SR	1-4	2-4	2-4	4-6	8-10	10-vida
NLCF	1-4	4-8	4-8	6-8	10-vida	vida
NCS	1-4	4-8	4-8	6-8	10-vida	vida
SE	2-4	6-8	6-8	8-vida	vida	vida
SA	4-5	10-vida	10-vida	vida	vida	vida
TRA	8-vida	vida	vida	vida	vida	vida

SR [Sanción reducida por uso de sustancias específicas segundo o artigo 10.4]; a infracción das normas antidopaxe foi ou deberá ser sancionada mediante unha sanción reducida segundo o artigo 10.4, debido a que versaba sobre unha substancia específica e se cumprían as demais condicións dese artigo.

NLCF [Non indicar a localización do deportista ou controis falidos]; a infracción da norma antidopaxe foi ou deberá sancionarse consonte o artigo 10.3.3 [Non indicar a localización do deportista ou controis falidos].

NCS [Sanción reducida por non existir negligencia ou culpa significativa]; a infracción das normas antidopaxe foi ou deberá sancionarse mediante unha sanción reducida segundo o artigo 10.5.2 porque o deportista demostrou que non actuou con negligencia ou culpa significativa de acordo co especificado nese artigo.

SE [Sanción estándar segundo os artigos 10.2 ou 10.3.1]; a infracción das normas antidopaxe foi ou deberá sancionarse mediante unha sanción estándar de dous [2] anos segundo os artigos 10.2 ou 10.3.1.

SA [Sanción agravada]; a infracción das normas antidopaxe foi ou deberá sancionarse mediante unha sanción agravada en virtude do artigo 10.6, debido a que a organización antidopaxe demostrou que se reunían as condicións establecidas nese artigo.

TRA [Tráfico ou intento de traficar e administración ou intento de administración]; a infracción das normas antidopaxe foi ou deberá sancionarse mediante unha sanción conforme o artigo 10.3.2.